Sobre o peso dos intereses de Galicia e o das estratexias de partido nas prioridades do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

5.2 37707 (12/POPX-000060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego canto ao rescate da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 35112 (12/POP-005084)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás estratexias de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

6.2 35006 (12/POP-005052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

6.3 37117 (12/POP-005307)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

6.4 36432 (12/POP-005249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e oito deputados/as máis

Sobre os datos relativos ás vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

6.5 35657 (12/POP-005156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación do PAC e do Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal respecto do horario de atención e da cobertura de profesionais facultativos respectivamente
Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

6.6 35892 (12/POP-005180)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis
Sobre o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus da provincia de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

6.7 37702 (12/PUP-000161)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a situación do Centro de Saúde de Pontecarreira, do concello de Frades, en canto á continuidade diaria da atención médica presencial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

6.8 37705 (12/PUP-000162)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino
Sobre os atrasos do Hospital Comarcal de Valdeorras na realización de mamografías e ecografías de mama
Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

6.9 34827 (12/POP-005021)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis
Sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula a homologación da discapacidade coa situación de dependencia recoñecida
Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025
Mguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para escrita**, sobre as razóns que levaron á CSAG a facer desaparecer a actividade do programa #DígochoEu.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa #DígochoEu apareceu na radio e televisión pública galega en xaneiro do ano 2020. Moi rapidamente este programa colleu un elevado peso na programación da canle pública que levou a que tanto o programa como a súa presentadora tivesen unha elevada relevancia e presenza.

Esta importancia vese tamén nas plataformas e redes sociais que contan con numerosas visualizacións e seguidores, mais tamén mostran que desde hai tempo non teñen ningún tipo de actividade.

En Twitter non hai actividade desde o 21 de xullo, en Agalega.gal a actividade viuse moi reducida, na web que se creou *ad hoc* para este programa non hai actividade desde hai meses ou en youtube desde hai máis de 1 ano.

A desaparición do #DígochoEu choca aínda máis se falamos dun programa do que a propia CSAG e os seus directores xerais presumían constantemente e que aínda por riba facía un bo labor de normalización lingüística na CSAG, a pesar de ser o único exemplo.

Alén do dito, o labor do #DígochoEu non se cinguía aos medios públicos, senón que tamén se circunscribía aos colexios e institutos do noso país. E por iso e por razóns

Asinado o día 17/10/2025 ás
12:56
Por Daniel Castro García





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

coma estas o programa recibiu premios como o Premio da Cultura Galega en 2021 ou o Mestre Mateo ao mellor programa de televisión no ano 2022.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales son as razóns que explican a desaparición da actividade dun programa de éxito como o #DígochoEu?
- Vai a CSAG recuperar a actividade do programa #DígochoEu?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/10/2025 12:56:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2025 12:58:28
Nº Rexistro: 37156
Data envío: 17/10/2025 12:58:28.703

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2025 12:58:28
Nº Rexistro: 37156
Data envío: 17/10/2025 12:58:28.703

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/10/2025 12:58:29

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Plan Apícola de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A calidade e tradición que se mesturan no mel galego son a base de que o noso produto, amplamente premiado dentro e fóra das nosas fronteiras, teña un grande recoñecemento por parte dos consumidores, ao igual que os nosos apicultores e apicultoras, que favorecen o desenvolvemento rural e loitan contra o abandono do noso territorio coas súas explotacións.

Máis, tanto as colmeas e apiarios coma os seus propietarios/as, sofren na actualidade os efectos negativos do cambio climático, as pragas e enfermidades e, este ano, nalgúns casos, tamén os efectos do lume, que constitúen un marco produtivo moi variable dun ano a outro, con contrastes entre distintas zonas do territorio galego e grandes irregularidades derivadas destes factores. Todo iso constitúe unha complicación engadida á hora de continuar coa actividade destas explotacións, situación que se evidencia a pouco que se revisen os datos dos últimos anos.

Malia que nunha primeira análise das cifras parece que o sector está vivindo un avance positivo, o que vemos se nos fixamos pormenorizadamente é que esa afirmación non se sostén. Nos últimos 10 anos o aumento do número de explotacións apícolas foi dun 35%, chegando a ser Galiza o quinto produtor de mel do estado con case 5.000 explotacións e unha cantidade de mel aproximada de 3.000 toneladas. Non entanto, se miramos os datos dos 3 últimos anos esa tendencia é a inversa, con menos colmeas no





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2025 que no 2023, cun descenso de máis de 8.500, ocorrendo o mesmo co número de explotacións, que se reduciron dende o 2023 ate o presente ano en máis de 250.

Se poñemos a mirada no consumidor seremos conscientes de que o Estado Español non é autosuficiente, cun 79% de autoabastecemento de mel, resultado dun aumento do consumo por persoa do 35% comparando o 2023 e o pasado ano, chegando a 880 gramos por persoa no 2024, que amosan a positiva valorización que a poboación fai deste produto. Mais esta insuficiencia no abastecemento ten como resultado, entre outros, que cumpra optar pola vía da importación, que supón 35.572 toneladas anuais fronte ás 26.942 que saen do estado e nas que o mel galego ten tamén protagonismo. Nestas importacións terá tamén influencia o tratado de Mercosur que as forzas estatais apoian e que non beneficiará en absoluto aos nosos gandeiros e gandeiras, coa entrada de mel procedente doutras latitudes onde as condicións que arrodean á súa produción non se asemellan en absoluto ás nosas.

Cómpre, se queremos apoiar ao sector, poñer o foco na necesidade de estudar os factores negativos que están a actuar sobre os nosos apiarios no presente, para poder traballar en remediar ou paliar os efectos destes e ser capaces de mellorar a nosa produción e a rendibilidade do noso mel, evitando que os peches e a perda de colmeas continúe.

No caso de Galiza, un dos factores que debera resultar determinante á hora de apoiar o sector, é o Plan Apícola que se leva desenvolvendo durante anos no noso territorio. A contía do dito plan, que segundo os propios titulares das explotacións e asociacións relacionadas directamente co sector é totalmente insuficiente para un sector chave supón un total de 1.481.000 euros, dos cales parte dos fondos proceden do FEAGA, outra parte do MAPA e o restante dos fondos propios da Xunta de Galiza, que supoñen 370.000 euros do total. Esta contía non cubre nin sequera todas as solicitudes que se dan por parte dos apicultores, feito confirmado este ano na súa resolución, onde case o 38%





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

das axudas foron denegadas por falla de crédito, premiando aos máis rápidos nas solicitudes, cunha concorrência competitiva que deixa a moitos gandeiros fóra, co que iso implica no desenvolvemento da súa actividade.

Non podemos esquecer que nese plan entra a loita contra a velutina, con liñas destinadas á adquisición de trampas, atraíntes ou outros métodos de captura ou protección individual. Polo tanto, deses 1.481.000 millóns de euros teñen tamén como fin facerlle fronte a unha praga que non teñen por que asumir os apicultores e apicultoras como propia, xa que a vespa invasora afecta á saúde pública, ao turismo, aos sectores vitivinícolas e da hortofruticultura, etc. Non son esas as únicas eivas deste plan, xa que se restrinxen así mesmo a axuda para a adquisición de cera, de xeito que ao non poder priorizarse durante anos consecutivos dando paso ás liñas antes nomeadas, de maneira que os titulares das explotacións están a facer, por obrigaición en moitos casos, e por inacción da Consellería de Medio Rural, unha labor de loita que non lles corresponde.

Non é de menor importancia o grande investimento que os propietarios e propietarias levan a cabo no control da Varroa, onde antes era abondo un tratamento anual e agora se fai pouco por motivos climáticos, onde a humidade e a calor nos trouxo un resultado negativo neste caso. O diñeiro que se utiliza neste coidado non pode usarse para outros obxectivos tamén prioritarios, co que as explotacións apícolas se enfrontan a maiores gastos e, polo tanto, menor rendibilidade.

Con todos estes factores hai que ter en conta que, para que as colmeas cheguen en bo estado de saúde e alimentación á hora da hibernación os apicultores teñen que investir máis cada ano, sen que os prezos dos produtos derivados aumenten ao mesmo ritmo que os gastos que se requiren nos apiarios.

Non podemos esquecer tampouco a vaga de incendios que afectou ao sector agrogandeiro este verán, especialmente nas comarcas de Ourense. Non quedou fóra desa afectación o sector apícola, que agora se ve abocado a unhas axudas mal concibidas que





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

non se adaptan a realidade do ocorrido nin do coidado dos apiarios, con pouco tempo para ser solicitadas e uns requisitos que priorizan a burocracia fronte á realidade do sector e de quen traballa nel, unhas axudas calculadas para 6 meses tras os incendios, que amosan un descoñecemento total da Consellería de Medio Rural do territorio.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galiza que incluír a loita contra a velutina dentro das liñas prioritarias do Plan apícola é un comportamento xusto e responsable cos titulares das explotacións apícolas, responsabilizándoos da xestión dunha praga que afecta a diversos sectores do noso territorio?
2. Cantas trampas se colocaron por parte da Consellería de Medio Rural este ano no territorio e cantas se lles fixeron chegar aos apicultores? En que momento se comezaron a colocar?
3. Considera a Consellería de Medio Rural que denegar o 37% das axudas aos apicultores por falla de crédito é unha actitude responsable do goberno cos apicultores e co sector gandeiro?
4. Por que motivo se inclúen no Plan apícola restricións no caso da adquisición de cera a través das liñas subvencionables?
5. Considera a Xunta de Galiza que as axudas para o sector apícola tras os incendios están ben concibidas e colaborarán para evitar o peche de explotacións por este motivo?
6. Que medidas se están a tomar para paliar os efectos do cambio climático e das enfermidades nos apiarios galegos?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

7. Considera a Consellería de Medio Rural que os datos da IXP que se manexan en canto a cantidade de mel producida baixo a indicación e o número de titulares incluídos nesta son positivos ao comparalos co total? A que considera que se debe este resultado?

8. A que considera a Xunta de Galiza que se debe a redución do número de colmeas e explotacións apícolas nos últimos anos? Cales son as medidas para paliar esta perda?

9. Que parte do orzamento do Plan apícola se destinou no 2024 e no 2025 a liñas de loita contra a velutina?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 17/10/2025 13:53:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2025 13:55:22
Nº Rexistro: 37171
Data envío: 17/10/2025 13:55:22.861

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2025 13:55:22
Nº Rexistro: 37171
Data envío: 17/10/2025 13:55:22.861

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/10/2025 13:55:23

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:10:20
Nº Rexistro: 37230
Data envío: 20/10/2025 10:10:20.491

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as condicións laborais do persoal que traballa nos centros de discapacidade, de menores e nas escolas infantís de Galiza e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 6 de novembro o persoal dos centros de persoas con discapacidade, centros de menores e das escolas infantís está chamado a unha xornada de folga pola mellora das súas condicións laborais e salariais.

Trátase de servizos públicos esenciais que están na súa maior externalizados quer en empresas privadas, quer en entidades sociais. Porén, malia atender poboación extremadamente vulnerable, desenvolven o seu traballo en condicións de precariedade e con salario que apenas chegan ao salario mínimo interprofesional.

Así mesmo, as rateos de persoal son pírricas, non responden ás necesidades reais de atención sendo, tamén, que nin sequera sempre están garantidas.

Para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisibile que sectores como os de protección e reforma de menores estean en mans de entidades privadas regulados, alén do máis, por un decreto de hai vinte anos. É inxustificábel que o persoal das escolas infantís de Galiza –sufragadas todas elas con cartos públicos-- contén con táboas salariais diferentes e que nunha mesma localidade poida haber traballadoras desenvolvemento o mesmo labor mais cobrando salarios completamente distintos.

Asinado o día 20/10/2025 ás
10:08
Por Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:10:20
Nº Rexistro: 37230
Data envío: 20/10/2025 10:10:20.491

De igual maneira, é indigno que as traballadoras e traballadores dos centros de discapacidade estean a percibir salarios que non chegan ao SMI con rateos por baixo do mínimo esixíbel para garantir unha atención de calidade.

Ao igual que acontece no sector das residencias ou do servizo de axuda no fogar, as máis de 5.000 traballadoras e traballadores destes máis de 500 centros dependentes da Consellaría de Política Social, levan anos reclamando mellores condicións laborais e mudanzas normativas que garantan os dereitos fundamentais das persoas usuarias. Porén, só recibiron o desprezo e o silencio do goberno do Partido Popular na Xunta a comezar polo da responsábel da Consellaría que nin sequera se dignou a recibilos.

Por todo o exposto anteriormente, formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai atender a Xunta de Galiza as demandas do persoal que traballa nos centros de menores, centros para persoas con discapacidade e escolas infantís?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/10/2025 10:08:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:10:20
Nº Rexistro: 37230
Data envío: 20/10/2025 10:10:20.491

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:10:20
Nº Rexistro: 37230
Data envío: 20/10/2025 10:10:20.491

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 10:10:21

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as obrigas e compromisos da Xunta de Galiza na implantación do transporte metropolitano en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade é Unha necesidade crecente nunha sociedade moderna, tamén na comarca de Ourense que aglutina milleiros de persoas que viven, traballan ou estudan entre o núcleo urbano e os concellos limítrofes, onde o transporte público resulta insuficiente ou inadecuado para conectar axeitadamente con centros sociais, educativos, sanitarios e produtivos.

A ausencia dunha rede de transporte metropolitano ou comarcal provoca unha importante dependencia do vehículo privado, facendo que Ourense teña unha taxa de motorización máis alta que a media das comarcas galegas, incrementando a pegada de carbono, os custes económicos para as familias e constituíndo unha discriminación para aqueles núcleos rurais onde a mobilidade pública é escasa ou inexistente.

Os primeiro intentos de establecer unha rede de transporte metropolitano en Ourense remóntanse a finais do século pasado coa creación dunha mancomunidade do transporte que procuraba integrar liñas urbanas con rutas interurbanas, mais que rematou en nada pola falla de capacidade para chegar a acordos entre as distintas administracións públicas implicadas.

No mes de xullo de 2024 os grupos políticos con representación na Deputación de Ourense acordaron a constitución dun Comité Técnico-Político para abordar a



implantación do transporte metropolitano en Ourense. Comité no que tiveran presenza todas as administracións públicas atinxidas polo proxecto. Un proxecto destinado a garantir unha rede de transporte eficaz, con liñas urbanas ampliadas, horarios axeitados e tarifas sociais, facilitando desprazamentos diarios, reducindo custos, tempos e impacto ambiental, que abrangería unha superficie de case 900 km² e beneficiaría a unha poboación de aproximadamente 150.000 habitantes.

Após distintas reunións, o pasado 10 de abril o Comité Técnico-Político para a implantación do Transporte Metropolitano de Ourense acordou por unanimidade -incluída a representación da Xunta de Galiza- entre outros extremos que “ A Xunta de Galiza estude a afección da extensión de liñas do concello de Ourense nas liñas que a administración autonómica ten concesionadas, para o que se fai necesario que os concellos comuniquen á administración autonómica as súas propostas de supresión ou modificación de liñas, e así poder analizar a viabilidade técnica, xurídica e económica das mesmas” sen que conste que a día de hoxe a Xunta de Galiza cumprise o acordado, mesmo co seu voto favorable.

O incumprimento dos compromisos está a impedir a posta en marcha do tan demandado transporte metropolitano, que resolvería problemas históricos de desprazamento, crearía oportunidades económicas, aumentaría a equidade territorial e daría resposta directa ás demandas dos concellos, das empresas, dos centros de ensino e da cidadanía en xeral.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta de Galiza importante a posta en marcha do servizo de transporte metropolitano en Ourense?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza nos últimos 10 anos para a posta en marcha do transporte metropolitano en Ourense?

Cónstalle á Xunta de Galiza os acordos adoptados en abril de 2025 polo do Comité Técnico-Político para a implantación do Transporte Metropolitano de Ourense de abril de 2025? Estaba presente na reunión? No seu caso, os acordos adoptados contaron coa expresa aprobación da Xunta de Galiza?

Cumpriu a Xunta de Galiza as obrigas dimanantes dos acordos adoptados na referida reunión?

Entende a Xunta de Galiza que é posible a posta en marcha do transporte metropolitano sen afectación ás concesións actualmente vixentes?

No seu caso, cal é o cálculo da afectación económica ás actuais concesións?

Considera a Xunta posible a posta en marcha do servizo de transporte metropolitano en Ourense sen previa determinación das afectacións anteriores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/10/2025 10:09:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:11:47
Nº Rexistro: 37236
Data envío: 20/10/2025 10:11:47,411

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:11:47
Nº Rexistro: 37236
Data envío: 20/10/2025 10:11:47,411

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 10:11:47

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a información da interrupción da circulación na autovía AG-53.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores, centos de condutores e viaxeiros víronse atrapados nun caos circulatorio inesperado ao intentar transitar pola autovía AG-53, principal arteria de comunicación entre Ourense e Santiago. O motivo foi un corte total da calzada, levado a cabo para obras de asfaltado, afectando ao tramo comprendido entre o acceso desde a A-52 (km 87) e o enlace de Carballiño (km 79), obrigando a dar rodeos de varios quilómetros e provocando importantes atrasos e molestias ás usuarias.

A interrupción da circulación non veu precedida de información abonda que advertise ás eventuais usuarias da vía desta circunstancia, limitándose a instalación de paneis colocados xa na propia estrada que advertían da necesidade de cambiar de vía.

Esta falta de previsión provocou colapsos, confusión e un notable malestar entre os miles de persoas usuarias desta infraestrutura estratéxica para a comarca e para a conexión de Galiza.

O desvío do transito, a través de vías con maiores restricións na circulación e que obrigaba a atravesar núcleos como Punxín ou Maside, incrementou os tempos de desprazamento e dificultou gravemente a mobilidade de residentes, estudantes ou profesionais, sen que existise unha previsión informativa que permitise a planificación desta circunstancia.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

En que data se acordou a realización de traballos de asfaltado da AG-53, entre os p.k. 79 e 87?

E existía previsión técnica de que a realización deses traballos requirirían o peche total dese treito da vía á circulación?

Considera que o desvío da circulación de vehículos, consecuencia do peche da vía, incrementa os tempos de viaxe e o tránsito por núcleos de poboación concretos?

Que medios utilizou a Xunta de Galiza para advertir ás usuarias da vía do corte da circulación?

No seu caso, con que antelación realizou eses anuncios?

Informou aos Concellos que puideran verse afectados polo previsible incremento da circulación do corte da AG-53?

Que medidas inmediatas e correctoras se adoptaron para mitigar os danos do corte?

Existe previsión de novos cortes de circulación nesta vía?

No seu caso en que datas e que mecanismos prevé utilizar a Xunta de Galiza para informar á poboación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/10/2025 10:23:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:24:01
Nº Rexistro: 37238
Data envío: 20/10/2025 10:24:01.266

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 10:24:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:24:01
Nº Rexistro: 37238
Data envío: 20/10/2025 10:24:01.266

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a dragaxe do porto de Miño e a necesidade de mellora nas súas infraestruturas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto de Miño ten necesidades periódicas de dragaxe, inferiores a 10 anos, debido á elevada e rápida acumulación de sedimentos. No ano 2011 a Xunta de Galiza adxudicou as obras de dragaxe e ampliación da dársena, mais no ano 2013 resolveu o contrato adiando “sine die” estas actuacións.

No mes de abril de 2021, Portos de Galiza anunciou un estudo para reactivar a dragaxe do porto e, xa en novembro do ano 2023, tras unha década de demandas, anunciaba o inicio da súa tramitación.

En xullo de 2025, a Xunta de Galiza presentaba públicamente un investimento conxunto de 1,3 millóns de euros para as obras de dragaxe en Barallobre (Fene), Miño e Pontedeume, contando cun prazo de execución de 9 meses unha vez iniciadas.

Por outra banda, a infraestrutura do porto presenta deficiencias evidentes, como a presenza de gretas no espigón ou o mal estado da grúa e outros elementos menores, pola falta de mantemento. A isto, hai que sumarlle a necesidade dunha intervención de mellora no peirao que impida, ou polo menos diminúa, a acumulación de sedimentos para evitar ter que recorrer a dragaxes de forma recorrente.

Asinado o día 20/10/2025 ás
10:42
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten a Xunta de Galiza unha previsión para o comezo das obras de dragaxe no porto de Miño?

. A Xunta de Galiza é coñecedora do mal estado das infraestruturas do porto de Miño?

. Coñece a Xunta de Galiza e comparte a necesidade dunha intervención de mellora no peirao que impida, ou polo menos diminúa, a acumulación de sedimentos para evitar ter que recorrer a dragaxes de forma recorrente?

Se é así, ten feito algún avance neste sentido, con que perspectiva e en que prazos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/10/2025 10:42:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:43:44
Nº Rexistro: 37242
Data envío: 20/10/2025 10:43:44.215

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:43:44
Nº Rexistro: 37242
Data envío: 20/10/2025 10:43:44.215

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 10:43:44

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a **Pregunta para resposta escrita**, sobre a anulación dos taxazos de SOGAMA e a necesidade dun novo modelo de xestión dos residuos municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Logo de comprobar o atraso da maior parte dos Estados no cumprimento do obxectivo de reciclaxe do 50% dos residuos municipais para o 2020, a UE lanzou en 2018 unha nova Directiva de Residuos que establecía importantes modificacións normativas e obxectivos máis ambiciosos para 2025 e 2030.

<https://eur-lex.europa.eu/ES/legal-content/summary/eu-waste-management-law.html>

No caso do Estado español incumpríronse claramente os obxectivos do 50% en 2020 e pode haber un expediente sancionador por este motivo. No caso de Galiza, sitúase á cola do Estado en materia de reciclaxe, con unha porcentaxe en 2022 do 21%, moi lonxe do obrigatorio 50%. (Hai comunidades que si cumpriron ou están cerca de cumprir ese obxectivo).

Os malos resultados de Galiza explícanse porque a Xunta incumpriu as directrices do Plan estatal de residuos (PEMAR) e do Plan de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022, que fixaba un obxectivo de recollida separada e tratamento de 245.000 toneladas de materia orgánica (agora denominada biorresiduos) e prevía a construción de 12 plantas de compostaxe e outras microplantas.

Asinado o día 20/10/2025 ás
11:42
Por Luís Bará Torres



En lugar de levar a cabo estas medidas, a Xunta optou por unha deriva suicida de ampliación das instalacións de SOGAMA e de licitación de grandes contratos, co obxectivo declarado de tratar de maneira centralizada todos os residuos municipais xerados en Galiza, máis de 1 millón de toneladas/ano. Estes contratos, plurianuais e por valor de máis de 750 millóns de euros (a maioría co grupo ourensán VALTALIA-COPASA) é unha das causas principais do tensionamento das contas de SOGAMA e da necesidade de incrementar os ingresos

2. A Directiva Europea de Residuos establece entre outras cuestións a necesidade de penalizar a incineración e o depósito en vertedoiro, para desincentivar estas solucións finalistas e pouco sustentábeis e favorecer outras que encaixan no criterio da economía circular como a prevención (non xeración de residuos), a recollida separada (especialmente dos biorresiduos), a reutilización e a reciclaxe.

En consonancia con estes criterios da Directiva Europea, a *Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular* creou un novo imposto denominado IDIRES (imposto ao depósito e incineración de residuos) que grava a incineración e o depósito en vertedoiro. Este imposto foi transferido á Xunta a finais de 2022, págao SOGAMA en función das toneladas que destina a incineración e vertedoiro e ingrésase nas contas da Facenda pública galega. Segundo datos de SOGAMA supuxo 9 millóns de euros en 2023 e prevén 12 millóns en 2024.

A Directiva Europea e a lexislación estatal prevén outras importantes novidades:

-A recollida separada dos biorresiduos desde comezos de 2024 (preferentemente para a compostaxe aínda que tamén prevé a produción de biogás)

-A recollida separada de mobles, enseres, residuos téxtiles antes do 1 de xaneiro de 2025 (neste caso establece a previsión de contratos reservados).





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

-A posibilidade de crear sistemas de devolución e retorno de certos envases fronte ao monopolio de ECOEMBES)

-A repercusión no recibo do lixo dos custos dos servizos (aquí entra tamén o pago por xeración...)

-A realización obrigatoria de plans de xestión e opcional de plans de prevención.

-Outros temas importantes como a aprobación de ordenanzas e servizos de inspección.

A maiores, fixa uns obxectivos máis ambiciosos de reciclaxe, que teñen que cumprir os Estados e as comunidades, que teñen as competencias de planificación e ordenación.

3. A decisión do goberno galego de aprobar un novo taxazo de SOGAMA en 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, supuxo un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasou dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Esta taxa de 108 euros pode verse reducida en 13 euros por tonelada no caso de cumprimento dunha serie de condicións (redución do 1% na produción de residuos; incrementar o 3% ou máis a recollida selectiva de envases, latas, briks ou da fracción orgánica).

4. Aínda que o goberno galego elaborou un relato para xustificar este taxazo atribuíndo as causas a factores externos (fundamentalmente a decisións do goberno central), a realidade é que o desfase nas contas de SOGAMA ten que ver co fracaso do sistema de xestión de residuos maioritario en Galiza e con unha estratexia expansiva de ampliación de SOGAMA con grandes contratos que incrementaron de maneira exponencial os gastos da sociedade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Podemos dicir, polo tanto, que a Xunta impuxo que os concellos pagasen a factura da súa mala xestión e de decisións erradas en materia de residuos. E malia que Galiza incumpre os obxectivos fixados pola normativa europea, estatal e galega en relación coa recollida separada, reutilización e reciclaxe de residuos, o goberno galego comete o erro de eliminar os poucos incentivos que había en favor deses obxectivos.

Por outra parte estamos nun momento de grandes cambios normativos e no modelo de xestión de residuos, polo que este tema debería ser obxecto dun grande debate e de acordos políticos e institucionais. Fronte a esta necesidade de acordos, o goberno do PP aposta polos feitos consumados e as decisións unilaterais que blindan decisións do pasado sen ningún tipo de análise e autocrítica. O proceso seguido para a aprobación do Plan de Xestión dos Residuos Municipais de Galiza é un bo exemplo da falta de diálogo e da unilateralidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto a Xunta deixar sen efecto os taxazos impostos por SOGAMA en 2024-2025 e abrir un proceso de diálogo coas entidades locais en relación co modelo de xestión dos residuos municipais e os seus custos?

Vai a Xunta colaborar cos concellos para aplicar melloras na xestión dos residuos como a creación de servizos de inspección ou a elaboración de ordenanzas municipais?

Vai o goberno galego impulsar e mellorar a compostaxe, apoiando as iniciativas promovidas por concellos (mediante o fomento da compostaxe domiciliar e comunitaria) e tamén a entidades públicas e privadas que polas súas características





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeren gran volume de biorresiduos (comedores públicos, comedores sociais, restauración, superficies comerciais, etc)?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/10/2025 11:42:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:44:34
Nº Rexistro: 37250
Data envío: 20/10/2025 11:44:34.294

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 11:44:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:44:34
Nº Rexistro: 37250
Data envío: 20/10/2025 11:44:34.294

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de completar o cadro de persoal docente do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé das Neves cun especialista de Pedagogía Terapéutica para atender ao alumnado NEAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Marquesa do Pazo da Mercé das Neves está a sufrir a falta de profesorado especializado de Pedagogía Terapéutica para poder atender ao alumnado matriculado no centro con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

O centro dispón no seu cadro de persoal docente, dunha praza de PT que está vacante xa que o titular permanece este curso en comisión de servizos noutro posto. A dirección do CEIP ten solicitado dende o primeiro momento a substitución deste docente xa que hai alumnado NEAE que precisa desta atención especializada para poder avanzar ao mesmo ritmo que os compañeiros/as de clase.

Dende a Consellería de Educación non teñen facilitado esa especialista nestas 6 semanas de curso, indicando que se “apañen coa PT de atención preferente”. Polo tanto é obvio que ten diminuído a calidade educativa na escola e hai alumnado que precisa atención e a profesional, dando preferencia a atención dos nenos e nenas dentro das aulas, non ten capacidade horaria para atender a todos.

Estas profesionais resultan imprescindíbeis na atención ao alumnado con necesidades especiais e, polo tanto, para unha educación integradora e igualitaria, que se faga cargo dos alumnos e alumnas que precisan apoios e reforzos especializados, e garantan os seus dereitos.

Asinado o día 20/10/2025 ás
11:54
Por Cristina Fernández Davila



O CEIP Marquesa do Pazo da Mercé, no curso 2024-2025 contaba con dous PT, unha Preferente e outra PT estable no cadro de persoal e son os efectivos mínimos que precisa o centro para poder garantir que o alumnado NEAE avance como corresponde este curso escolar.

A comunidade educativa está moi preocupada por esta situación con respecto ao profesorado que vai diminuindo ano tras ano, deixando así ás familias nunha situación de desamparo difícil de solventar, aínda coa boa vontade do resto de docentes e dirección do centro.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Consellaría de Educación completar o cadro docente de especialistas de Pedagogía Terapéutica, que posibilite unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado NEAE matriculado no CEIP? Tendo en conta que hai 6 semanas do comezo do curso, cando van a incorporar a especialista?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 20/10/2025 11:54:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:55:26
Nº Rexistro: 37279
Data envío: 20/10/2025 11:55:26.059

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:55:26
Nº Rexistro: 37279
Data envío: 20/10/2025 11:55:26.059

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 11:55:26

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación de Meteogalicia e a creación da Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O clima é un dos grandes temas da axenda política e social. Galiza non pode estar á marxe desta cuestión, polo que debe dotarse dunha estrutura normativa, institucional e de medios que dea acaída resposta á axenda ambiental e climática, con especial atención aos riscos dos eventos meteorolóxicos extremos.

Como é sabido, o noso país non conta con instrumentos, persoal e medios para facer fronte ao desafío do clima. A consellaría de medio ambiente conta desde 2024 con unha dirección xeral de enerxías renovábeis e cambio climático, o que deixa ben ás claras cal é a visión que ten o goberno galego desta materia.

Ademais, como recoñeceu o propio goberno, este departamento non conta a penas con persoal, polo que se viu na obriga de externalizar a xestión dunha parte importante das súas tarefas.

Para o BNG é preciso que a emerxencia ambiental e climática teña unha xerarquía moito máis alta no goberno, con visión transversal e capacidade real de impulso de actuacións en todos os ámbitos. Débese rematar coa precariedade na que se encontra Meteogalicia, que non ten personalidade xurídica e depende dun contrato coa empresa TRAGSATEC.

A emerxencia do clima vai moito máis alá da predición meteorolóxica. Ten relación coas emerxencias, coa saúde, coa biodiversidade, coas infraestruturas, cos

Asinado o día 20/10/2025 ás
12:33
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sectores económicos. Por iso é preciso contar con un ente que aglutine todas estas dimensións e que actúe tanto na vertente predictiva como na prospectiva. E que en coordinación co sistema universitario galego elabore estudos sobre a evolución do clima, os impactos presentes e futuros, e as medidas precisas para adaptarnos aos cambios e mitigar os seus efectos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración lle merece á Xunta a situación de precariedade en que se encontra Meteogalicia?

Cal é a situación laboral do persoal que traballa nos servizos meteorolóxicos en Meteogalicia?

A quen pertencen as instalacións nas que traballa o persoal de Meteogalicia?

Ten previsto o goberno galego regularizar e legalizar a situación de Meteogalicia e crear un organismo público con personalidade xurídica que asuma as competencias sobre o clima e os servizos meteorolóxicos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/10/2025 12:33:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 12:34:48
Nº Rexistro: 37302
Data envío: 20/10/2025 12:34:48,225

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 12:34:48
Nº Rexistro: 37302
Data envío: 20/10/2025 12:34:48,225

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 12:34:48

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación de deterioración do edificio da Terraza de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio da Terraza de Sada, declarado Ben de Interese Cultural en 2020, atópase nun estado de conservación moi deficitario. O propio decreto de declaración do BIC afirma que o estado de conservación é precario, ademais de establecer a necesidade dunha “restauración acaída”, ademais de prescribir un proxecto ou plan ou integral de conservación.

Tendo en conta que o nivel de protección que se estableceu en 2020 é integral e a máxima protección e tutela, resulta urxente levar á práctica esta protección.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a valoración que fai o goberno galego da situación de conservación do edificio da Terraza de Sada?
- Puxo en marcha o goberno galego algunha actuación encamiñada a elaborar un plan ou proxecto integral de conservación para a Terraza de Sada?

Asinado o día 20/10/2025 ás
13:27
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Ten previsto o goberno galego pór en marcha algunha medida encamiñada a protexer e conservar o edificio da Terraza de Sada, en virtude da máxima protección e tutela que establece a súa declaración como Ben de Interese Cultural?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 20/10/2025 13:27:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 13:28:05
Nº Rexistro: 37321
Data envío: 20/10/2025 13:28:05.884

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 13:28:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 13:28:05
Nº Rexistro: 37321
Data envío: 20/10/2025 13:28:05.884

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a contaminación do ar e consecuencias neste ámbito dos incendios forestais de agosto de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Xunta de Galiza fixo público o pasado ano 2024 un informe sobre a calidade do aire e a contaminación. Esta publicación fíxose despois dunha petición de transparencia do medio Praza Pública e logo da intervención da Comisión de Transparencia da Valedora do Pobo.

Este informe ten en conta os parámetros de contaminantes atmosféricos establecidos pola OMS e determina que o incumprimento é xeral para a maior parte de elementos contaminantes, agás o dióxido de xofre. E salienta o caso das partículas de pequeno tamaño, PM2,5 no que o incumprimento é case xeral.

O estudo da Xunta, con datos dos anos 2018-2022, sinala diferentes incumprimentos para o dióxido de xofre (SO2), dióxido de nitróxeno (NO2), partículas PM10, e partículas PM2,5, en relación cos valores máximos establecidos pola OMS.

Este informe ten en conta as previsións da nova Directiva de 2024 relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa, que entrará en vigor en 2030. Esta Directiva fixa unhas esixencias moito máis estritas que as establecidas pola Axencia Europea de Medio Ambiente, que son as que están actualmente en vigor.

2. Tomando como referencia os valores establecidos pola OMS, o informe sobre a calidade do ar elaborado por Ecoloxistas en Acción establece que un terzo da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación galega (arredor de 850.000 persoas) respirou ar contaminado e por riba dos novos niveis legais establecidos pola Directiva Europea de 2024 e pola OMS.

Segundo a Directiva de 2024, a contaminación do ar debe abordarse como un problema sanitario de primeiro nivel. O director da OMS, Tedros Adhanom Ghebreyesus calificou a contaminación do ar como “unha das maiores ameaza para a saúde e o medio ambiente do noso tempo”.

Os efectos sobre a saúde son devastadores: calcúlase que provoca unhas 300.000 mortes prematuras ao ano en Europa. Estímase que só nas cidades galegas este tipo de contaminación provoca unhas 1.400 mortes ao ano.

Tampouco se poden desprezar as consecuencias que ten a contaminación do ar na economía:

3. Os incendios forestais do pasado verán incrementaron substancialmente a contaminación por partículas finas e ozono troposférico. Segundo as conclusións dun estudo do profesor Ramón Varela Díaz dos datos de 28 estacións de Meteogalicia entre o 1 de xullo e o 19 de setembro -referido fundamentalmente aos días 13-17 de agosto- déronse as seguintes situacións:

- Alta contaminación e a veces extrema na provincia de Ourense.
- Baixa algo esta contaminación no Sur e centro de Lugo (Lugo cidade) e na zona de Lalín (Pontevedra)
- Baixa máis en Curtis e As Pontes (A Coruña)
- Todas as zonas anteriores presenta contaminación elevada por PM2,5 e PM10 que supera valores da OMS.
- O Norte de Lugo, Sur de Pontevedra e Norte de Coruña a situación e mellor aínda que algunha estación supera lixeiramente os 15 ug/m3 en media diaria como





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sucede con Ordes , Arteixo, Xubia, Cerceda, Ferrol cidade, A Coruña cidade ou Santiago cidade.

-Das 28 estacións estudadas: en PM2,5, 22 estacións superan 15 ug/m3 de media diaria o da 15 de agosto, as restantes 6 estacións están por baixo de 15 ug/m3. De 15 a 45 ug/m3 temos 15 estacións. De 45 a 90 ug/m3 temos 5 estacións. De 90 a 141 ug/m3 son 2 estacións.

-Daranse problemas de saúde asociados á respiración desta contaminación e graves problemas nos ecosistemas.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai a Xunta sobre a superación en moitas zonas do país dos valores máximos de contaminación do ar establecidos pola OMS?

Que medidas está levando a cabo a Xunta para previr mortes provocadas pola contaminación do ar?

Ten previsto a Xunta realizar un estudo sobre os efectos da contaminación do ar provocada polos incendios de agosto de 2025 na saúde da poboación e nos ecosistemas, así como un programa de prevención e seguimento nas zonas máis afectadas e na poboación máis vulnerábel?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/10/2025 13:52:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 13:55:34
Nº Rexistro: 37339
Data envío: 20/10/2025 13:55:34.825

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 13:55:34
Nº Rexistro: 37339
Data envío: 20/10/2025 13:55:34.825

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 13:55:35

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:07:28
Nº Rexistro: 37362
Data envío: 20/10/2025 17:07:28.115

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 15 de outubro o Partido Socialista de Ferrol denunciou publicamente as trabas impostas polo alcalde da cidade, José Manuel Rey Varela, á colocación dunha placa conmemorativa en homenaxe a Pablo Iglesias Posse, fundador do PSOE e da UGT e fillo predilecto de Ferrol.

A iniciativa, sufragada mediante achegas da militancia socialista, pretendía recuperar unha réplica da placa orixinal de Agustín López Miras colocada no antigo Concello en 1927, e posteriormente destruída tras o golpe de Estado de 1936. O Goberno municipal do Partido Popular tería formulado continuas obxeccións e limitacións, impedindo que a placa fose instalada nun espazo céntrico e digno da cidade, propoñendo en cambio unha localización afastada e sen visibilidade.

Estas actuacións son un acto de censura política e simbólica, que supón unha ofensa á memoria democrática e á figura dun ferrolán universal, referente da loita polos dereitos sociais, a igualdade e a xustiza.

A Lei de Memoria Democrática recoñece a obriga das administracións públicas de preservar, dignificar e divulgar a memoria das persoas e feitos que contribuíron ao progreso democrático. Entre estas obrigas inclúese a protección e promoción dos espazos e símbolos de memoria, así como a colaboración institucional para garantir que ningún concello poña trabas inxustificadas a iniciativas deste tipo.

Asinado o día 20/10/2025 ás
17:03
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 20/10/2025 ás
17:03
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131312

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:07:28
Nº Rexistro: 37362
Data envío: 20/10/2025 17:07:28.115

A actitude do Goberno municipal de Ferrol resulta, por tanto, contraria ao espírito e á letra da normativa vixente en materia de memoria democrática, e transmite unha mensaxe de exclusión ideolóxica incompatible cos valores constitucionais e co pluralismo político que deben inspirar a acción pública.

Resulta necesario que o Parlamento galego e a Xunta de Galicia se pronuncien ante esta situación e defendan o dereito da cidadanía e das entidades sociais a lembrar e homenaxear libremente figuras clave da nosa historia común.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Comparte a Xunta de Galicia a postura adoptada polo Concello de Ferrol respecto da negativa á instalación dunha placa conmemorativa a Pablo Iglesias Posse?

Santiago de Compostela, a 20 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131313

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/10/2025 17:03:05

Paloma Castro Rey na data 20/10/2025 17:03:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:07:28
Nº Rexistro: 37362
Data envío: 20/10/2025 17:07:28.115

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 17:07:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:07:28
Nº Rexistro: 37362
Data envío: 20/10/2025 17:07:28.115

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:08:43
Nº Rexistro: 37367
Data envío: 20/10/2025 17:08:43,700

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 15 de outubro o Partido Socialista de Ferrol denunciou publicamente as trabas impostas polo alcalde da cidade, José Manuel Rey Varela, á colocación dunha placa conmemorativa en homenaxe a Pablo Iglesias Posse, fundador do PSOE e da UGT e fillo predilecto de Ferrol.

A iniciativa, sufragada mediante achegas da militancia socialista, pretendía recuperar unha réplica da placa orixinal de Agustín López Miras colocada no antigo Concello en 1927, e posteriormente destruída tras o golpe de Estado de 1936. O Goberno municipal do Partido Popular tería formulado continuas obxeccións e limitacións, impedindo que a placa fose instalada nun espazo céntrico e digno da cidade, propoñendo en cambio unha localización afastada e sen visibilidade.

Estas actuacións son un acto de censura política e simbólica, que supón unha ofensa á memoria democrática e á figura dun ferrolán universal, referente da loita polos dereitos sociais, a igualdade e a xustiza.

A Lei de Memoria Democrática recoñece a obriga das administracións públicas de preservar, dignificar e divulgar a memoria das persoas e feitos que contribuíron ao progreso democrático. Entre estas obrigas inclúese a protección e promoción dos espazos e símbolos de memoria, así como a colaboración institucional para garantir que ningún concello poña trabas inxustificadas a iniciativas deste tipo.

Asinado o día 20/10/2025 ás
17:03
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 20/10/2025 ás
17:03
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131316

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:08:43
Nº Rexistro: 37367
Data envío: 20/10/2025 17:08:43,700

A actitude do Goberno municipal de Ferrol resulta, por tanto, contraria ao espírito e á letra da normativa vixente en materia de memoria democrática, e transmite unha mensaxe de exclusión ideolóxica incompatible cos valores constitucionais e co pluralismo político que deben inspirar a acción pública.

Resulta necesario que o Parlamento galego e a Xunta de Galicia se pronuncien ante esta situación e defendan o dereito da cidadanía e das entidades sociais a lembrar e homenaxear libremente figuras clave da nosa historia común.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que este tipo de actuacións son compatibles co deber das administracións públicas de preservar e promover a memoria democrática recollido na Lei 1/2021 de Memoria Democrática de Galicia?

Santiago de Compostela, a 20 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131317

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/10/2025 17:03:21

Paloma Castro Rey na data 20/10/2025 17:03:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:08:43
Nº Rexistro: 37367
Data envío: 20/10/2025 17:08:43,700

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:08:43
Nº Rexistro: 37367
Data envío: 20/10/2025 17:08:43,700

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 17:08:44

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 18:12:41
Nº Rexistro: 37381
Data envío: 20/10/2025 18:12:41.026

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

As portas da aprobación dos novos orzamentos e da situación de satisfacción que parece amosar o Partido Popular no goberno da Xunta de Galicia respecto do eido dos Servicios Sociais en Galicia, ao Partido Socialista semella estar noutra realidade diferente, toda vez que non aí un só dos eidos da Consellería de Asuntos Sociais que non sufra unha involución respecto a prestación dos servicios aos usuarios.

Tantas veces denunciados tanto en pleno como en comisión é a realidade das residencias de maiores. Á falla de prazas súmase agora o inexplicable feito do peche de dúas residencias para maiores: a vivenda comunitaria San Gabriel, situada en Xinzo de Limia, onde se detectaron graves deficiencias nos coidados, exceso de residentes e irregularidades alimentarias. A outra que pecharon fai apenas dous meses é a residencia privada Xardín de Amoeiro, con faltas graves no coidado dos maiores, irregularidades laborais e deficiencias hixiénico-alimentarias.

Son feitos inexplicables pero que por outra parte veñen a dar sustento á deriva dos Servicios Sociais da Xunta de Galicia onde nada hai planificado e iniciaron un camiño onde o único que conta é sinalar no marcador que hai que baixar as listas de espera a costa do que sexa. E nin iso; Galicia segue a ser unha das comunidades nas que máis lista hai de espera para acadar a primeira valoración da Dependencia: 349 días. Mentres, os Concellos asumen o seu papel de “ente financiador” facéndose cargo de competencias impropias como é a aportación do pago do SAF

Asinado o día 20/10/2025 ás
18:08
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 20/10/2025 ás
18:08
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131320

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 18:12:41
Nº Rexistro: 37381
Data envío: 20/10/2025 18:12:41.026

Outra das realidades nunca resoltas é as prazas das escolas infantís. Aquí atopamos os mesmos designios que nas residencias para maiores. Baixo o mantra da gratuidade das escolas infantís, a Xunta de Galicia rexeita 23 millóns de euros de fondos europeos para a construción de escolas infantís e mesmo sustenta con case catro veces máis cartos, as prazas das escolas privadas que as municipais ou da Xunta. Trátase así de eliminar o modelo público de escola infantís, derivando e “costeando” os negocios privados de escolas infantís.

Mentres tanto, tanto escolas infantís públicas de xestión indirecta como escolas infantís privadas, teñen aos seus educadores infantís con xornadas laborais expandidas, con salarios que apenas soben en algunha ocasión por riba dos 1200 euros, mentres os cargan de responsabilidades que non lles son propias. Algo moi similar ao que acontece con estes educadores nos centros de menores que, ademais de estar ateigados, cargan sobre os educadores unha responsabilidade que está por riba do seu cometido e mesmo traspasando as ratios para estes rapaces de natureza vulnerable.

No eido da discapacidade, ademais dos convenio laborais que afectan aos traballadores, xorde un problema engadido que é que o Concerto Social ten prestacións por debaixo do que marca o convenio colectivo. Como este non pode ser actualizado debido precisamente a que os fondos que transfere a Xunta de Galicia axústase ao Concerto Social, as entidades do sector da discapacidade atópanse pedindo liñas de crédito para facer fronte ao pago de salarios e demais necesidades. É dicir: a Xunta de Galicia convirte ao terceiro sector e aos concellos en financiadores das obrigas sociais.

A situación é insostible xa que todo o sistema está colapsado, o persoal esgotado e con salarios por debaixo de convenio, os centros ateigados e as esperas en Dependencia teñen cronificado de xeito irreversible.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131321

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 18:12:41
Nº Rexistro: 37381
Data envío: 20/10/2025 18:12:41.026

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Dada a situación que desde o mes de agosto presentan os diferentes servicios da Consellería de Política Social, ten pensado a Conselleira formular algunha formulación que dea resposta a estes problemas estruturais?

Santiago de Compostela, a 20 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131322

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 20/10/2025 18:08:36

Elena Espinosa Mangana na data 20/10/2025 18:08:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 18:12:41
Nº Rexistro: 37381
Data envío: 20/10/2025 18:12:41.026

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 18:12:41
Nº Rexistro: 37381
Data envío: 20/10/2025 18:12:41.026

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 18:12:41

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza dote de Especialistas aos centros educativos do concello de Salvaterra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Salvaterra de Miño é un concello que medrou moito en poboación no que vai de século, pasando de 8.000 a preto de 11.000 habitantes.

Dende que o IES de Salvaterra abriu as súas portas no ano 1.998, todas as matrículas dos centros educativos foron medrando ao mesmo ritmo que a poboación, facendo que as instalacións quedaran pequenas e fora preciso dispoñer de maior número de docentes e especialistas.

Malia isto, nos últimos anos os recortes aplicados pola Consellería foron tamén en aumento, facendo que pese a ter maior número de alumnado o cadro de persoal seguise sendo o mesmo, ata que estes efectivos son insuficientes na actualidade para atender a todo o alumnado, sobre todo a aquel máis vulnerable.

O CEIP de Leirado elevou a súa matrícula de 100 a 130 alumnos/as, mais, con todo, enfróntase ao recorte dunha mestra de Audición e Linguaxe (AL). Este centro foi recoñecido co segundo premio ás boas prácticas en Educación Inclusiva e agora ven como con máis alumnado teñen menos efectivos. A pesares das demandas presentadas pola comunidade escolar ante a Inspección educativa, esta solicitude é denegada reiteradamente.

O CEP Carlos Casares, vese obrigado a compartir docentes con outros centros de ensino. Ademais, as horas de dirección que ten que cubrir o profesorado non se teñen en



conta e non están a ser cubertas, e a falta de docentes Orientadores/as está a afectar a atención que as e os estudantes necesitan. Malia que a situación do profesorado é do catálogo completo, solicitan unha mestra de Audición e Linguaxe (AL) a tempo completo porque teñen moito alumnado NEAE.

O caso do CRA A Lagoa, é moi preocupante. Neste curso retiráronse recursos de apoio fundamental, concretamente profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e en Audición e linguaxe (AL). En consecuencia pasouse de atender 25 alumnos e alumnas a só 5 en AL. Só contan cunha coidadora para atender 5 nenos e nenas con necesidades educativas especiais, distribuídos en 4 escolas pertencentes a distintas parroquias, facendo inviábel unha atención efectiva. Non se cobren as baixas dos docentes e o profesorado substitúe a eses compañeiros/as no horario de dirección e secretaría, por exemplo, quedando en moitos casos as aulas con só meras coidadoras, e en situación de claro perigo físico para os nenos e nenas.

O CEIP Infante Felipe atópase tamén nunha clara situación de déficit, xa que, aínda que debería contar con tres liñas educativas, actualmente opera só con dúas. A escaseza de recursos na área de Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica e profesorado de apoio pon en risco o dereito a unha educación inclusiva e de calidade para todas e todo o alumnado, especialmente aqueles que requiren atención especializada. O aumento do alumnado non se está a ter en conta, e xa suman 422 matrículas.

O Instituto de Salvaterra enfróntase a unha falta importante de espazo debido ao aumento do alumnado que afecta ao uso das instalacións por parte das adolescentes e á carencia de espazos dos que non se dotou ao centro no momento da súa construción. Na actualidade supera con creces as 500 matrículas. Derivado deste aumento o centro aumentou o número de profesorado pero non do departamento de Orientación, nin persoal administrativo, precisando outra praza de Orientador/a.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 37432
Data envío: 21/10/2025 13:45:32.273

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Consellaría de Educación, tendo en conta as peticións das direccións dos centros educativos do concello de Salvaterra de Miño, completar os seus cadros de persoal coas especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Coidadores/as ou Administrativos que correspondan ao número de matrícula e que posibilita unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado matriculado, con especial atención aquel con necesidades educativas?

- Tendo en conta que xa pasaron seis semanas dende o comezo do presente curso escolar, cando se farán efectivos estes recursos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/10/2025 13:43:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 37432
Data envío: 21/10/2025 13:45:32.273

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 37432
Data envío: 21/10/2025 13:45:32.273

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 13:45:32

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza remate a VAC Costa Norte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2001 o Partido Popular anunciaba a Vía de Alta Capacidade Costa Norte Ferrol- San Cibrao. Facíao asegurando que este corredor estaría finalizado en 2007. Pola contra, a día de hoxe e case 25 anos despois, A Mariña segue agardando por un corredor máis que vital para a nosa comarca.

A realidade é que dos máis de 80 quilómetros proxectados nesta VAC soamente puidemos ver construídos 15. Unha cifra que supón que, de seguir a este ritmo, os e as mariñás teríamos que agardar máis de 130 anos para ver rematada esta vía, xa que a media anual sería de apenas 650 metros por ano.

Porén, para entender as razóns deste atraso cada vez máis inexplicable temos que irnos ata o ano 2000. Neste ano, diferentes organizacións políticas e sindicais manifestábanse na Mariña e en Ferrol pola decisión do Partido Popular de que a Autovía do Cantábrico deixase o seu percorrido natural polo Cantábrico e se desviasse pola Terra Chá.

Tras esta decisión tan controvertida, que non respondeu a ningún tipo de razón empresarial, de transporte ou xeográfica, e despois de 25 anos agardando, a veciñanza da Mariña volveu ver como de novo os orzamentos da Xunta de Galiza non consignan as cantidades necesarias para poñer en marcha a construción da Vía de Alta Capacidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales son as razóns que xustifican que a Xunta de Galiza acumule un atraso de case dúas décadas no que respecta á construción da VAC Costa Norte?
- Vai a Xunta de Galiza consignar as partidas necesarias nos orzamentos do próximo ano para rematar a construción da Vía de Alta Capacidade Costa Norte?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 21/10/2025 17:29:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 17:30:41
Nº Rexistro: 37441
Data envío: 21/10/2025 17:30:41.391

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 17:30:41
Nº Rexistro: 37441
Data envío: 21/10/2025 17:30:41.391

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 17:30:41

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do transporte público por estrada no concello de Dodro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de explotación do servizo público de transporte regular de uso xeral de viaxeiras por estradas XG847 na comarca do Barbanza, publicado no DOG do pasado 1 de outubro, está a xeral malestar e preocupación entre a veciñanza do concello de Dodro. De aprobarse tal e como está redactado, esta concello vería reducidas as súas conexións con Santiago de Compostela e tamén con Ribeira.

Das 12 frecuencias actuais que existen entre Dodro e Compostela reduciríanse tan só a 5 durante toda a xornada, deixando ademais espazos de ata 5h durante as mañás sen que pasase ningún autobús. Mais a situación máis grave sería coas conexións con Ribeira, que directamente desaparecerían, quedando tan só unha liña que conectase Dodro con Rianxo pola mañá e outra pola tarde.

Cómpre sinalar que Dodro é un concello rural e envellecido, e que depende para multitude de servizos da súa conexión cos concellos da súa contorna e tamén con Compostela. Son moitas as estudantes e traballadoras que utilizan estas liñas para acudir aos centros de traballo e ensino e que esta proposta da Consellería lles suporá un obstáculo para poderen continuando o transporte público con normalidade.

Mostra da descontento que provoca este proxecto sobre a xente de Dodro son os centos de alegacións presentadas para solicitar a súa rectificación.

Asinado o día 22/10/2025 ás
10:22
Por Iria Carreira Pazos



Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego da situación que atravesa o servizo de transporte público?
- Que opinión lle merece ao goberno galego a redución de frecuencias proposta? Considerou as dificultades que vai supor para a mobilidade deste concello a desaparición das liñas a Ribeira?
- Considera que este novo proxecto presentado vai supor un incremento no uso do transporte público por parte da veciñanza de Dodro?
- É consciente o goberno da Xunta de Galiza que estas eivas poden provocar que usuarias habituais teñan que optar por outras formas de desprazamento coma o taxi ou o vehículo particular?
- Cales son as medidas previstas para garantir o bo funcionamento do servizo?
- Vai habilitar o goberno galego frecuencias e liñas suficientes para garantir a mobilidade da veciñanza de Dodro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/10/2025 10:22:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 10:25:10
Nº Rexistro: 37449
Data envío: 22/10/2025 10:25:10.211

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 10:25:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 10:25:10
Nº Rexistro: 37449
Data envío: 22/10/2025 10:25:10.211

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do CEIP Sigüeiro de Oroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención que se lle está dando ás crianzas con necesidade de apoio educativo na Galiza está nunha situación de claro retroceso, e neste senso, o CEIP Sigüeiro no concello de Oroso é un exemplo. Este centro vén sufrindo unha escaseza de persoal por mor dos recortes impostos por parte do Partido Popular desde a Consellería de Educación que supón unha situación grave agudizada no caso deste alumnado con necesidades de apoio.

Durante o pasado curso escolar, a ANPA do centro denunciou a situación na que se atopaban as 6 crianzas con NEAE que precisaban e tiñan autorizado un coidador. Seis crianzas con alta necesidade de coidados, que requirirían a presenza dunha segunda persoa, mais que a Consellería negou durante todo o curso.

Unha vez iniciado o presente curso escolar, a situación aínda se agrava máis. Actualmente son 9 as crianzas que precisarían deste persoal coidador, mais a Consellería de Educación continúa asignando só un ao centro, o cal contravén a orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes recolle no seu artigo 80.4: “A *ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con*

Asinado o día 22/10/2025 ás
10:54
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 22/10/2025 ás
10:53
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades educativas especiais non excederá 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado”.

Esta situación agrávase na situación de que esta profesional non poida acudir ao seu posto de traballo ou incluso cando unha destas crianzas ten unha saída do centro por mor de calquera actividade, pero incluso chega a ser moi dificultosa durante o horario do comedor polas propias necesidades que presenta este alumnado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as crianzas do CEIP Sigüeiro? Considera o goberno galego que a atención proporcionada ao alumnado con maiores necesidades educativas e de apoio é a correcta?

– Considera realmente suficiente a dotación de unha única persoa coidadora para este centro dadas as necesidades que presentan as crianzas?

– Cal é a previsión que ten a Xunta de Galiza para a cobertura desta persoa no caso de que esta persoa non poida acudir ao seu posto de traballo?

– Cal é o motivo polo cal non se incrementou a dotación de coidadoras nin de profesorado especialista en PT e AL?

– Que medidas ten contempladas o goberno galego para mellorar a atención ao alumnado do CEIP Sigüeiro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/10/2025 10:53:48

Cristina Fernández Davila na data 22/10/2025 10:54:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 10:56:53
Nº Rexistro: 37453
Data envío: 22/10/2025 10:56:53,588

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 10:56:53
Nº Rexistro: 37453
Data envío: 22/10/2025 10:56:53,588

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 10:56:54

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do persoal coidador do IES de Curtis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No IES de Curtis estase a vivir a día de hoxe unha situación que supón unha denegación dos dereitos do alumnado máis vulnerábel. Após a matriculación dun alumno que require a presenza de persoal auxiliar coidador tanto para o desenvolvemento da xornada lectiva coma para garantir o seu dereito á utilización do transporte escolar, desde a dirección do centro solicitouse esa dotación de persoal. Mais cando xa se superou un mes desde o comezo do curso escolar, esta praza continúa sen cubrir, o que supón un menoscabo nos dereitos do alumnado con necesidades de apoio educativo.

A Xunta de Galiza é coñecedora da situación que está a vivir esta familia e o agravio que está a padecer este alumno pola falta de persoal coidador, mais aínda non ten proporcionado ningunha solución que permita garantirlle os seus dereitos.

Mais a súa incorporación ao centro xera outro interrogante. Cando poida acudir con normalidade ás aulas, a dotación de profesorado PT e AL coa que conta a día de hoxe o centro manifestarase claramente insuficiente para atender a todo o alumnado que o precisa.

Esta situación vén a agravar o contexto que está a padecer este centro, cunha problemática visible e tamén coñecida polo goberno galego sobre a falta de prazas de

Asinado o día 22/10/2025 ás
11:25
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transporte escolar que garantan que o alumnado que ten dereito a este servizo poida facer uso del.

O goberno do Partido Popular continúa recortando no ensino público, que ten especial impacto sobre o alumnado con necesidades de apoio educativo e que, de xeito paradoxal, debería de estar máis protexido por parte da Administración pública.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que a Consellería de Educación aínda non cubriu a praza de persoal coidador demandada polo IES de Curtis?
- Cantas persoas existen nesta lista de contratación?
- Como vai garantir os dereitos de todo o alumnado do IES de Curtis?
- Cando vai cubrir o goberno galego a praza de persoal coidador do IES de Curtis?
- Ten previsto o goberno realizar algún incremento na dotación de profesorado especialista deste centro, nomeadamente PT e AL?
- Considera o goberno que está a garantir os dereitos do alumnado con necesidades específicas de apoio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/10/2025 11:25:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 11:28:43
Nº Rexistro: 37457
Data envío: 22/10/2025 11:28:43,913

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 11:28:43
Nº Rexistro: 37457
Data envío: 22/10/2025 11:28:43,913

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 11:28:44

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da residencia DomusVi de Monforte de Lemos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia de anciáns de Monforte de Lemos xestionada por DomusVi vén estando no foco desde hai un tempo. Segundo se denuncia desde a sociedade civil monfortina, a situación tanto das persoas residentes como do cadro de persoal é moi mellorábel e a xestión que se fai das prazas de persoas que alí viven tamén. Este centro residencial dá servizo a 180 persoas, un número moi elevado e que, por tanto, require dunha xestión seria, planificada e con persoal suficiente como para que a calidade do servizo sexa óptima.

Non obstante, tal e como se pode comprobar, o cadro de persoal a pesar de facer todo o posíbel por atender correctamente as persoas residentes, vese completamente saturado e sen capacidade real de que as e os residentes vexan ben cubertas as súas necesidades. Todo isto pola enorme carga de traballo á que se ven sometidas e sometidos.

Nunha zona do país como é o sur de Lugo, das máis avellentadas do Estado español e mesmo de Europa, a calidade das nosas residencias debe ser unha prioridade absoluta do goberno galego. Desde o Grupo Parlamentar do BNG pensamos que as desculpas que a Xunta de Galiza pon cada vez que é preguntada sobre este tema non serven, e desde logo a base de escusas non se mellora a situación.

Asinado o día 22/10/2025 ás
12:52
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O goberno galego debe velar sexa como for pola calidade do servizo que se ofrece nas residencias galegas, por moito que estas estean xestionadas por empresas privadas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente a Xunta de Galiza dos enormes problemas que sofre a residencia de anciáns de Monforte xestionada por DomusVi?
- Parécelle suficiente ao Goberno galego o cadro de persoal co que conta actualmente?
- Ten pensado actuar a Xunta para mellorar a situación?
- Que resposta dá a Xunta ás familias das persoas residentes ante a situación que se vive na DomusVi de Monforte?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 22/10/2025 12:52:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 12:54:43
Nº Rexistro: 37461
Data envío: 22/10/2025 12:54:43,634

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 12:54:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 12:54:43
Nº Rexistro: 37461
Data envío: 22/10/2025 12:54:43,634

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación dos provedores do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diferentes provedores de alimentación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela están a denunciar unha situación de falta de pagamento por parte da Xerencia da Área Sanitaria desde hai meses. Algunha destas persoas denuncia que se lle están a deber facturas desde o mes de abril que chegan a supor 240.000€, mais son moitos os comerciantes afectados por esta situación. Estas cifras son totalmente inasumíbeis para pequenos produtores e comerciantes, o que supón poñer contra as cordas a negocios do noso País pola incompetencia de quen está á fronte do goberno galego.

Esta denuncia pola falta de pagamento súmase a outras que se están dando nas inmediacións do Sergas, como pode ser a que formula a Asociación de Técnicos Ortoprotésicos de Galiza polos atrasos no pagamento que ten a Área Sanitaria da Coruña e Cee sobre o material ortoprotésico prescrito ás pacientes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a débeda que ten a día de hoxe a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza cos seus provedores?
- Cal é o tempo para o aboamento das facturas que ten esta Xerencia?

Asinado o día 22/10/2025 ás
13:43
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 13:44:50
Nº Rexistro: 37465
Data envío: 22/10/2025 13:44:50.148

– É coñecedor o goberno galego da denuncia que se formula nos atrasos nos pagamentos?

– Que medidas ten previstas para evitar atrasos nos pagamentos aos provedores do Sergas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/10/2025 13:43:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 13:44:50
Nº Rexistro: 37465
Data envío: 22/10/2025 13:44:50.148

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 13:44:50
Nº Rexistro: 37465
Data envío: 22/10/2025 13:44:50.148

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 13:44:50

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os prazos para a tradución ao galego do programa Atenea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa Atenea vai ser implantado na xustiza en Galiza nos próximos meses. Como afirmamos en múltiples ocasións, a implantación da versión en galego desde o primeiro momento é imprescindible para corrixir a situación actual, pola que os procedementos que se levan na nosa lingua na xustiza é inferior ao 5%. O programa de xestión interno da xustiza, que será o Atenea o ano próximo, condiciona de xeito determinante a lingua que se utiliza, e isto ten consecuencias tanto para que os profesionais poidan usar a lingua da súa elección como para respectar os dereitos lingüísticos da cidadanía.

O proxecto de orzamentos para 2026 recolle a tradución deste programa, polo que debemos asumir que a tradución non se vai executar antes de que remate 2025. Os prazos, neste caso, son moi importantes porque se o programa non está dispoñíbel en galego desde o primeiro momento isto vai condicionar, inevitabelmente, o seu uso no noso idioma.

Ademais, debe instalarse para o seu uso por defecto en galego, para cumprir coa estratexia de oferta positiva que traza o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, un motivo máis para que estea dispoñíbel en galego desde o primeiro momento da súa implantación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 16:54:40
Nº Rexistro: 37478
Data envío: 22/10/2025 16:54:40.202

- O goberno galego vai asumir a tradución do programa Atenea ao galego?
- Cales son os prazos que manexa o goberno galego para a tradución?
- Ten previsto o goberno galego pór a disposición o programa Atenea nun prazo que permita que poida ser utilizado en galego desde o primeiro momento da súa implantación?
- Ten previsto o goberno galego implantar a tradución a galego do programa Atenea de xeito que a lingua galega se ofrezca en primeiro lugar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 22/10/2025 16:50:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 16:54:40
Nº Rexistro: 37478
Data envío: 22/10/2025 16:54:40.202

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 16:54:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 16:54:40
Nº Rexistro: 37478
Data envío: 22/10/2025 16:54:40.202

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a regulación pendente de plantas de biogás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O biogás e o biometano son fontes de enerxía renovábel obtidas a partir da descomposición de materia orgánica, como xurros gandeiros, esterco, residuos agrícolas, ou mesmo restos da industria alimentaria.

Estas plantas ofrecen unha serie de oportunidades como:

- Son unha fonte de enerxía renovable
- Apoian a redución de gases de efecto invernadoiro
- Poden permitir unha xestión de excedentes de xurros en explotacións con elevadas cargas gandeiras e, ao mesmo tempo, un aproveitamento enerxético de autoabastecemento.

Pero tamén supoñen problemas e riscos potenciais:

- Alto investimento inicial
- Loxística do aporte de materia prima
- Aceptación social
- Incerta viabilidade económica
- Posibles problemas ambientais e contaminantes

Asinado o día 22/10/2025 ás
17:21
Por Sonia Vidal Lamas



Así pois, as plantas de biogás poden ser unha oportunidade, pero tamén unha ameaza.

Ameaza especialmente cando nos referimos á Macroplantas, ligadas exclusivamente a un obxecto puramente especulativo e comercial.

Oportunidade cando nos referimos ao aproveitamento no ámbito local, e para autoconsumo, de pequenas plantas ligadas a un reducido número de explotacións gandeiras.

Unha vez aclaradas estas xeneralidades, vaíamos coa información da que dispoñemos ao respecto da planta que a empresa **Biofertilizantes Xunqueira de Ambía S.L.** (grupo ENCE) pretende implantar entre os núcleos de Brandela e Bustelo no concello de Xunqueira de Ambía:

Principais datos do proxecto

- A planta ocuparía máis de **170.000 m² de superficie**.
- Prevese o tratamento de **166.000 toneladas anuais de residuos**, boa parte deles considerados **SANDACH de categoría 2**, procedentes de matadoiros e subprodutos animais.
- O proxecto contempla a circulación de **50 camiións diarios**, o que representa un impacto evidente na mobilidade e no tráfico rodado da zona.
- Estímase un consumo anual de **3,5 millóns de litros de auga**, extraídos de captacións propias que aínda sendo un consumo moderado, falta por determinar á afectación aos mananciais e non ofrece garantías claras sobre a súa dispoñibilidade nin efectos.
- O proxecto admite unha **previsión máxima de 10 empregos directos**.



- Producirá máis de 36.000 t/ano de efluentes, 33.000 t/ano de fertilizante líquido e 30.000 t/ano de fertilizante sólido.
- Prevé a utilización de 129.500 t/ano de residuos SANDACH categoría 2 (polo tanto tamén poderá procesar categoría 3) que son dos de **maior contaminación olfativa**. Esta contaminación olfativa será especialmente agresiva (segundo a tendencia dos ventos predominantes na zona) para parroquias de Xunqueira de Ambía e Sandiás.
- Producirá importantes niveis de intensidade de **ruído** nos núcleos máis achegados á planta de procesado.

Así pois, destes datos podemos concluír que se trata dunha Macroplanta de produción de Biogás ou Biometano. Isto implica unha dimensión exclusivamente comercial, sen que permita supoñer moito beneficio para a comarca da Limia, e especialmente para os pobos e veciñanza directamente afectada.

Para maior e mellor información, aínda que non figure no proxecto presentado pola empresa, compre indicar que a zona escollida para ubicar fisicamente a planta de biogás, é lindeiro coa Zona ZEPA (especial protección de aves), e, segundo aseguran as persoas que alí viven, e moi común que en épocas de chuvia, quede ASULAGADA, polo tanto ZONA INUNDABLE co risco de filtracións de produtos contaminantes (dixestato e augas residuais).

E este asunto da xestión das augas e líquidos lixiviados produto do proceso de produción de gas, é un tema importante pois, segundo describe a empresa promotora, serán utilizados como “biofertilizantes”, cuestión esta rexeitada polo sector agrario da comarca, xa que como é sabido estamos nunha zona con altos valores de Nitróxeno, e os líquidos resultantes do proceso produtivo conteñen moi altos valores de Nitróxeno e Fosforo; o que contribuiría a maiores problemas de xestión da ZVN.

Compre deixar claro que as plantas de biogás en NIGÚN CASO SUPOÑEN ELIMINACIÓN DE NITRATOS NIN FOSFATOS, xa que o proceso de produción de



biogás xera unha parte líquida con alta concentración de nitróxeno, e unha parte sólida (dixestato) composto de nitróxeno e fosfato.

Polo tanto, nada aportan á solución da declaración de Zona Vulnerable por Nitratos na comarca da Limia e que é a responsable da contaminación de acuíferos até o encoro das Conchas. Para abordar esta situación, desde hai varios anos, no BNG levamos esixindo que a Xunta de Galiza poña en marcha, na súa integridade, o Plan da Limia.

O pasado venres 10 de outubro tivo lugar unha xuntanza de veciñas e veciños afectados na que se nos transmitiu as seguintes inquiredanzas:

- Posible **desvalorización das vivendas e fincas** da contorna.
- Impacto nos recursos hídricos e na calidade do aire.
- Incerteza sobre o **destino das augas residuais e do dixestato**, o subproduto que queda tras a produción de biogás, **a día de hoxe sen regulación específica en Galiza**.
- Dubidas sobre a **viabilidade económica real do proxecto** e os beneficios para o municipio.
- Temor a que a planta abra a porta á chegada de máis macroproxectos similares, como xa pasou noutras zonas da provincia.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galiza que a localización escollida para a planta de biometano de Xunqueira de Ambía é a máis acaída?

2. Que opinión lle merece á xunta de Galiza que a planta se proxecte en terreos inundables?



3. Que condicionantes terá a captación de auga proxectada para abastecer a planta?

4. Considera a Xunta de Galiza que a proximidade da ZEPA da Limia é compatible co proxecto da planta de biogás?

5. Que catalogación legal ten o dixestato líquido?

6. Pode ser utilizado o dixestato líquido como auga de rega, que norma o ampara?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 22/10/2025 17:21:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 17:24:33
Nº Rexistro: 37488
Data envío: 22/10/2025 17:24:33.156

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 17:24:33
Nº Rexistro: 37488
Data envío: 22/10/2025 17:24:33.156

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 17:24:33

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galiza respecto do funcionamento das oficinas do SEPE no noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No momento de redactar esta iniciativa a última actualización dispoñíbel da páxina de transparencia da Relación de postos de traballo do Ministerio de traballo e economía social expresa que hai 75 vacantes nas oficinas do SEPE na Galiza.

Estas vacantes, que non recollen as ausencias debidas a baixas por enfermidade, maternidade, paternidade, ou por outros permisos, están a afectar gravemente á atención á cidadanía.

A situación é moi grave en algunhas oficinas, onde están vacantes máis de 1/3 das prazas existentes, por exemplo, Cee, Carballo, Cambados, Tui, Vigo, Ribadavia, Monforte e Ribadeo.

Á baixa cobertura de prazas hai que engadir os problemas do programa ALMA, que entrou en funcionamento en novembro do ano pasado para realizar unificadamente toda a xestión de trámites, prestacións e subsidios, e que un ano despois aínda non funciona, ralentizando moito o traballo do persoal das oficinas, e de novo redundando nun peor servizo á cidadanía.

Asinado o día 23/10/2025 ás
12:50
Por Ramón Fernández Alfonzo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galiza a situación e os problemas do SEPE no noso país?
2. Que demandas ten trasladado ao goberno do estado para solucionar os problemas do persoal e das persoas usuarias do SEPE?
3. Ten pensado a Xunta de Galiza solicitar o traspaso das competencias do SEPE?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/10/2025 12:50:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 12:54:27
Nº Rexistro: 37515
Data envío: 23/10/2025 12:54:27.871

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 12:54:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 12:54:27
Nº Rexistro: 37515
Data envío: 23/10/2025 12:54:27.871

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Saleta Chao Rivas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a contratación pola Axencia de Turismo de Galiza do servizo de interpretación artística do videoclip do tema musical “Galicia tiene flow” do grupo Cómplices.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de outubro publicouse na web de contratación da Xunta de Galiza un contrato negociado sen publicidade por importe de 45.000€ co obxecto *Servizo de interpretación artística do videoclip do tema musical “Galicia tiene flow”* interpretado polo grupo Cómplices. A resolución da contratación indica que o 18 de setembro o órgano de contratación acordou o inicio do expediente de contratación e a correspondente retención de crédito polo importe sinalado.

O día 2 de outubro de 2025 o órgano de contratación aprobou os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerían esta contratación. O órgano de negociación o día 10 de outubro de 2025 procedeu á cualificación da proposición do licitador concluíndo que a oferta achegada se adecuaba aos criterios de adxudicación e ao procedemento previsto no cadro de criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares.

O día da publicación do anuncio, o 14 de outubro, medios de comunicación e persoas particulares expresaron a súa sorpresa e disconformidade con este patrocinio nomeadamente polo contido da letra. A canción, que está en lingua castelá, reproduce

Asinado o día 23/10/2025 ás
13:42
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

tópicos e estereotipos sobre Galiza, que non poden representar a imaxe que queremos dar do noso país para promover a actividade turística.

O *Plan de acción de promoción de Turismo de Galiza 2025*, establece entre os seus obxectivos o de “diversificar a oferta turística, potenciando segmentos como o turismo enolóxico, cultural, gastronómico, rural e de natureza, xunto co Camiño de Santiago”. A *Estratexia de Turismo de Galiza 2030* di na misión 3ª que se reforzará externamente “o concepto de Galiza como un territorio para vivir, traballar e investir, con capacidade de acollida e coa hospitalidade como sinal de identidade”.

Polo tanto, e coñecida a letra da canción obxecto deste contrato de patrocinio, é incomprendible que encaixe nos obxectivos de promoción do turismo da Xunta de Galiza, xa que só contribúe a reforzar estereotipos que dificilmente van contribuír a reforzar o “concepto de Galiza como un territorio para vivir, traballar e investir”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales son os criterios establecidos nos pregos técnico e administrativo para adxudicar o contrato para un videoclip dunha canción que reproduce tópicos e estereotipos sobre Galiza e o pobo galego?
- En que medida encaixa a proposta da adxudicataria con eses pregos en relación á promoción dos obxectivos de promoción turística para o noso país recollidos na *Estratexia de Turismo de Galiza 2030*?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 23/10/2025 13:42:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 13:46:05
Nº Rexistro: 37522
Data envío: 23/10/2025 13:46:05.459

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 13:46:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 13:46:05
Nº Rexistro: 37522
Data envío: 23/10/2025 13:46:05.459

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os datos do programa galego de cribado de cancro de mama.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O escándalo desatado en Andalucía após a denuncia polo mal funcionamento do programa de cribado de cancro de mama está a espertar unha profunda preocupación entre a poboación, sobre todo entre as mulleres, moito máis alá das súas fronteiras, e tamén entre a sociedade galega.

O cancro de mama ten unha grande incidencia e prevalencia. Segundo o dato do Rexistro galego de tumores, no ano 2023 diagnosticáronse 2.396 novos casos en Galiza, o que supón o 32,5% dos diagnósticos en mulleres e o 13,8% da totalidade de novos tumores. Co incremento da supervivencia tamén aumenta a prevalencia, polo que son moitas as mulleres que a día de hoxe conviven coa enfermidade e coas súas consecuencias. A pesar disto, cómpre ter presente que no ano 2023 foron 388 as persoas que faleceron por esta patoloxía, e a supervivencia aos 5 anos sitúase no 82,8%.

En Galiza leva funcionando o Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde o ano 1992, destinado en primeira instancia a todas as mulleres entre 50 e 64 anos, mais desde o ano 2004, ampliouse para englobar tamén ata os 74 de anos de idade. No ano 2023, segundo os datos máis recentes publicados da web do Observatorio de saúde pública de Galiza, convidouse a participar a 230.737 mulleres, cunha participación do 81,59%.

Mais a actitude que está a ter o Partido Popular está a ser cando menos cuestionable. A negativa que mantén este grupo político a nivel estatal a proporcionar os datos máis recentes do cribado dinamita calquera exercicio de transparencia, sobre todo

Asinado o día 23/10/2025 ás
16:30
Por Iria Carreira Pazos



cando os datos máis recentes que se poden consultar a día de hoxe tanto nas páxinas web do Sergas coma do Observatorio de saúde pública son de 2023, a pesar de que a Directora Xeral de Saúde Pública afirmou na comparecencia que realizou na Comisión 5ª o pasado 25 de setembro que todos os datos proporcionados por ela estaban dispoñíbeis nesas webs.

Cómpre sinalar a respecto deste programa o anuncio feito polo presidente da Xunta en xaneiro de 2023 para ampliar as idades englobadas, coa pretensión de incluír a mulleres desde os 45 anos. Mais cando xa van máis de dous anos e medio desde este anuncio, non se ten producido ningún cambio a este respecto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que o goberno galego non fai públicos os datos de 2024 do Programa galego de detección precoz de cancro de mama?
- Cando van estar dispoñíbeis para a súa consulta aberta?
- Considera adecuado utilizar estes datos como unha ferramenta de confrontación política co goberno do Estado?
- Cales son os mecanismos de control que existen no PGDPCM para evitar situacións coma as que sucederon en Andalucía?
- Cando se vai ampliar o rango de idades incluídas no PGDPCM para englobar ás mulleres de 45 a 49 anos que anunciou o sr. Rueda en 2023?
- Tense realizado algún estudo sobre o impacto que tería sobre a incidencia e a supervivencia esta ampliación das idades incluídas no PGDPCM?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/10/2025 16:30:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:31:51
Nº Rexistro: 37529
Data envío: 23/10/2025 16:31:51.971

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:31:51
Nº Rexistro: 37529
Data envío: 23/10/2025 16:31:51.971

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 16:31:52

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Segundo recollen os medios de comunicación, o 22 de outubro de 2025, unha muller de avanzada idade, recentemente operada de cadeira e inmovilizada, recibiu a alta no servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) ás 15:00 horas dun luns e permaneceu dezaseis horas e media encamada no hospital á espera dunha ambulancia para o seu traslado ao seu domicilio.

Durante toda a noite e boa parte da mañá seguinte, nin ela nin a súa familia obtiveron explicación algunha máis aló da falta de dispoñibilidade do servizo de transporte sanitario, unha situación absolutamente inxustificable e impropia dun sistema público de saúde que debe garantir unha atención segura, humana e digna.

Este episodio pon de manifesto graves deficiencias na planificación e coordinación do transporte sanitario, tanto urgente como programado, que xa teñen sido denunciadas en reiteradas ocasións polos profesionais e polas organizacións sindicais. A falta de ambulancias dispoñibles, os problemas derivados do modelo de concesión privada e a precarización das condicións laborais do persoal están a provocar demoras inadmisibles, especialmente para pacientes vulnerables e de avanzada idade.

É urgente que a Xunta de Galicia ofrezca explicacións claras e un informe exhaustivo sobre o sucedido, e que presente datos concretos sobre o



funcionamento do servizo de transporte sanitario na área sanitaria de Santiago e Barbanza, adoptando medidas inmediatas para evitar que se repitan casos coma este.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é o tempo medio de espera para un traslado sanitario programado por alta hospitalaria na área sanitaria de Santiago e Barbanza?

Santiago de Compostela, a 23 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/10/2025 16:51:25

Patricia Iglesias Rey na data 23/10/2025 16:51:32

Elena Espinosa Mangana na data 23/10/2025 16:51:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:57:17
Nº Rexistro: 37540
Data envío: 23/10/2025 16:57:17.533

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:57:17
Nº Rexistro: 37540
Data envío: 23/10/2025 16:57:17.533

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 16:57:18

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Segundo recollen os medios de comunicación, o 22 de outubro de 2025, unha muller de avanzada idade, recentemente operada de cadeira e inmovilizada, recibiu a alta no servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) ás 15:00 horas dun luns e permaneceu dezaseis horas e media encamada no hospital á espera dunha ambulancia para o seu traslado ao seu domicilio.

Asinado o día 23/10/2025 ás
16:51
Por Patricia Iglesias Rey

Durante toda a noite e boa parte da mañá seguinte, nin ela nin a súa familia obtiveron explicación algunha máis aló da falta de dispoñibilidade do servizo de transporte sanitario, unha situación absolutamente inxustificable e impropia dun sistema público de saúde que debe garantir unha atención segura, humana e digna.

Este episodio pon de manifesto graves deficiencias na planificación e coordinación do transporte sanitario, tanto urgente como programado, que xa teñen sido denunciadas en reiteradas ocasións polos profesionais e polas organizacións sindicais. A falta de ambulancias dispoñibles, os problemas derivados do modelo de concesión privada e a precarización das condicións laborais do persoal están a provocar demoras inadmisibles, especialmente para pacientes vulnerables e de avanzada idade.

Asinado o día 23/10/2025 ás
16:51
Por Aitor Bouza Manso

É urgente que a Xunta de Galicia ofrezca explicacións claras e un informe exhaustivo sobre o sucedido, e que presente datos concretos sobre o



funcionamento do servizo de transporte sanitario na área sanitaria de Santiago e Barbanza, adoptando medidas inmediatas para evitar que se repitan casos coma este.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cantos pacientes tiveron que agardar máis de 4, 8, 12 e 16 horas para seren trasladados desde o CHUS aos seus domicilios ou residencias nos anos 2024 e 2025?
2. Cales son os tempos medios de resposta do servizo de transporte sanitario urxente e programado na área de Santiago e Barbanza, diferenciando por tipo de servizo e tramo horario (día/noite)?

Santiago de Compostela, a 23 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/10/2025 16:51:47

Patricia Iglesias Rey na data 23/10/2025 16:51:54

Elena Espinosa Mangana na data 23/10/2025 16:52:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:57:49
Nº Rexistro: 37542
Data envío: 23/10/2025 16:57:49.910

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 16:57:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:57:49
Nº Rexistro: 37542
Data envío: 23/10/2025 16:57:49.910

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Segundo recollen os medios de comunicación, o 22 de outubro de 2025, unha muller de avanzada idade, recentemente operada de cadeira e inmovilizada, recibiu a alta no servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) ás 15:00 horas dun luns e permaneceu dezaseis horas e media encamada no hospital á espera dunha ambulancia para o seu traslado ao seu domicilio.

Durante toda a noite e boa parte da mañá seguinte, nin ela nin a súa familia obtiveron explicación algunha máis aló da falta de dispoñibilidade do servizo de transporte sanitario, unha situación absolutamente inxustificable e impropia dun sistema público de saúde que debe garantir unha atención segura, humana e digna.

Este episodio pon de manifesto graves deficiencias na planificación e coordinación do transporte sanitario, tanto urxente como programado, que xa teñen sido denunciadas en reiteradas ocasións polos profesionais e polas organizacións sindicais. A falta de ambulancias dispoñibles, os problemas derivados do modelo de concesión privada e a precarización das condicións laborais do persoal están a provocar demoras inadmisibles, especialmente para pacientes vulnerables e de avanzada idade.

É urxente que a Xunta de Galicia ofrezca explicacións claras e un informe exhaustivo sobre o sucedido, e que presente datos concretos sobre o



funcionamento do servizo de transporte sanitario na área sanitaria de Santiago e Barbanza, adoptando medidas inmediatas para evitar que se repitan casos coma este.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son os recursos dispoñibles actualmente (número de ambulancias, persoal por quenda e zonas cubertas) na área sanitaria de Santiago e Barbanza?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia aumentar a dotación de vehículos e persoal de transporte sanitario nesta área? En que prazos e con que orzamento?

Santiago de Compostela, a 23 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/10/2025 16:52:08

Patricia Iglesias Rey na data 23/10/2025 16:52:16

Elena Espinosa Mangana na data 23/10/2025 16:52:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:58:24
Nº Rexistro: 37544
Data envío: 23/10/2025 16:58:24.439

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:58:24
Nº Rexistro: 37544
Data envío: 23/10/2025 16:58:24.439

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 16:58:25

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Segundo recollen os medios de comunicación, o 22 de outubro de 2025, unha muller de avanzada idade, recentemente operada de cadeira e inmovilizada, recibiu a alta no servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) ás 15:00 horas dun luns e permaneceu dezaseis horas e media encamada no hospital á espera dunha ambulancia para o seu traslado ao seu domicilio.

Durante toda a noite e boa parte da mañá seguinte, nin ela nin a súa familia obtiveron explicación algunha máis aló da falta de dispoñibilidade do servizo de transporte sanitario, unha situación absolutamente inxustificable e impropia dun sistema público de saúde que debe garantir unha atención segura, humana e digna.

Este episodio pon de manifesto graves deficiencias na planificación e coordinación do transporte sanitario, tanto urgente como programado, que xa teñen sido denunciadas en reiteradas ocasións polos profesionais e polas organizacións sindicais. A falta de ambulancias dispoñibles, os problemas derivados do modelo de concesión privada e a precarización das condicións laborais do persoal están a provocar demoras inadmisibles, especialmente para pacientes vulnerables e de avanzada idade.

É urgente que a Xunta de Galicia ofrezca explicacións claras e un informe exhaustivo sobre o sucedido, e que presente datos concretos sobre o



funcionamento do servizo de transporte sanitario na área sanitaria de Santiago e Barbanza, adoptando medidas inmediatas para evitar que se repitan casos coma este.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantas incidencias rexistradas por demora ou indispoñibilidade de ambulancias se produciron na área de Santiago nos últimos dous anos, e que medidas se adoptaron en cada caso?

Santiago de Compostela, a 23 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/10/2025 16:52:33

Patricia Iglesias Rey na data 23/10/2025 16:52:40

Elena Espinosa Mangana na data 23/10/2025 16:52:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:58:55
Nº Rexistro: 37546
Data envío: 23/10/2025 16:58:55,711

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:58:55
Nº Rexistro: 37546
Data envío: 23/10/2025 16:58:55,711

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 16:58:56

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Segundo recollen os medios de comunicación, o 22 de outubro de 2025, unha muller de avanzada idade, recentemente operada de cadeira e inmovilizada, recibiu a alta no servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) ás 15:00 horas dun luns e permaneceu dezaseis horas e media encamada no hospital á espera dunha ambulancia para o seu traslado ao seu domicilio.

Durante toda a noite e boa parte da mañá seguinte, nin ela nin a súa familia obtiveron explicación algunha máis aló da falta de dispoñibilidade do servizo de transporte sanitario, unha situación absolutamente inxustificable e impropia dun sistema público de saúde que debe garantir unha atención segura, humana e digna.

Este episodio pon de manifesto graves deficiencias na planificación e coordinación do transporte sanitario, tanto urxente como programado, que xa teñen sido denunciadas en reiteradas ocasións polos profesionais e polas organizacións sindicais. A falta de ambulancias dispoñibles, os problemas derivados do modelo de concesión privada e a precarización das condicións laborais do persoal están a provocar demoras inadmisibles, especialmente para pacientes vulnerables e de avanzada idade.

É urxente que a Xunta de Galicia ofrezca explicacións claras e un informe exhaustivo sobre o sucedido, e que presente datos concretos sobre o



funcionamento do servizo de transporte sanitario na área sanitaria de Santiago e Barbanza, adoptando medidas inmediatas para evitar que se repitan casos coma este.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son os tempos medios de espera por traslado sanitario no conxunto das áreas sanitarias de Galicia, e como se comparan cos datos da área de Santiago?
2. Ten previsto o Goberno galego publicar informes periódicos sobre tempos de espera e incidencias no transporte sanitario en todas as áreas sanitarias de Galicia?

Santiago de Compostela, a 23 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/10/2025 16:52:53

Patricia Iglesias Rey na data 23/10/2025 16:53:00

Elena Espinosa Mangana na data 23/10/2025 16:53:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:59:31
Nº Rexistro: 37548
Data envío: 23/10/2025 16:59:31.350

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 16:59:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:59:31
Nº Rexistro: 37548
Data envío: 23/10/2025 16:59:31.350

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Segundo recollen os medios de comunicación, o 22 de outubro de 2025, unha muller de avanzada idade, recentemente operada de cadeira e inmovilizada, recibiu a alta no servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) ás 15:00 horas dun luns e permaneceu dezaseis horas e media encamada no hospital á espera dunha ambulancia para o seu traslado ao seu domicilio.

Durante toda a noite e boa parte da mañá seguinte, nin ela nin a súa familia obtiveron explicación algunha máis aló da falta de dispoñibilidade do servizo de transporte sanitario, unha situación absolutamente inxustificable e impropia dun sistema público de saúde que debe garantir unha atención segura, humana e digna.

Este episodio pon de manifesto graves deficiencias na planificación e coordinación do transporte sanitario, tanto urxente como programado, que xa teñen sido denunciadas en reiteradas ocasións polos profesionais e polas organizacións sindicais. A falta de ambulancias dispoñibles, os problemas derivados do modelo de concesión privada e a precarización das condicións laborais do persoal están a provocar demoras inadmisibles, especialmente para pacientes vulnerables e de avanzada idade.

É urxente que a Xunta de Galicia ofrezca explicacións claras e un informe exhaustivo sobre o sucedido, e que presente datos concretos sobre o



funcionamento do servizo de transporte sanitario na área sanitaria de Santiago e Barbanza, adoptando medidas inmediatas para evitar que se repitan casos coma este.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia xustificable que unha paciente teña que agardar dezaseis horas e media para ser trasladada á súa casa en ambulancia?

Santiago de Compostela, a 23 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/10/2025 16:51:03

Patricia Iglesias Rey na data 23/10/2025 16:51:10

Elena Espinosa Mangana na data 23/10/2025 16:51:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:56:14
Nº Rexistro: 37537
Data envío: 23/10/2025 16:56:14.265

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 16:56:14
Nº Rexistro: 37537
Data envío: 23/10/2025 16:56:14.265

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 16:56:14

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Saleta Chao Rivas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o centro de día das Fontiñas en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago de Compostela e a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Política Social, asinaron un convenio en 2018 para a cesión gratuíta dunha parcela municipal de 3.000 m² no barrio das Fontiñas para a construción dun centro de residencia para persoas maiores en situación de dependencia cunha capacidade de 120 prazas.

Ese convenio non chegou a materializarse, e a residencia proxectada no barrio das Fontiñas foi finalmente construída no Castiñeiriño, nunha parcela máis ampla polas dimensións do proxecto. Mais isto pode supoñer unha oportunidade para as persoas maiores do barrio das Fontiñas e, en xeral, do municipio de Santiago, se a Consellería de Política Social retoma as negociacións co Concello de Santiago de Compostela para recuperar a cesión da parcela de 3.000 m² nas Fontiñas co obxecto de construír e poñer en funcionamento un centro de día nesta zona da capital galega.

Esta opción leva anos sendo trasladada polo BNG a través das emendas aos orzamentos da Xunta de Galiza, xa que consideramos que se trataría dun equipamento importante que favorecería a prevención da dependencia e contribuiría a un envellecemento activo na contorna de proximidade para as persoas maiores do barrio e de Santiago, un concello con máis de 25.000 persoas maiores de 60 anos.

Asinado o día 23/10/2025 ás
17:35
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O das Fontiñas é un dos barrios que máis medrou en Santiago de Compostela nas últimas décadas, tras o desenvolvemento do polígono de vivendas hai xa máis de 30 anos. Ao tempo que é un dos barrios máis novos da capital galega, tamén ten unha poboación maior de 65 anos cun importante peso.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Ten previsto a Consellería de Política Social retomar negociacións co Concello de Santiago de Compostela para recuperar a cesión da parcela de 3.000m² no barrio das Fontiñas que se acordara en 2018 e asinar un convenio para a construción e posta en funcionamento dun centro de día?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 23/10/2025 17:35:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 17:36:02
Nº Rexistro: 37558
Data envío: 23/10/2025 17:36:02.349

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 17:36:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 17:36:02
Nº Rexistro: 37558
Data envío: 23/10/2025 17:36:02.349

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes que vivimos na Galiza durante este verán 2025 foi a peor da nosa historia en hectáreas ardidadas, mais tamén pola tipoloxía dos propios lumes, que segundo o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais nunca antes viran e, na súa opinión, significan un punto de inflexión.

O nivel da catástrofe ambiental vivida deixou en evidencia toda a política do Partido Popular e o seu fracaso en temas tan relevantes como a ordenación territorial, o desenvolvemento do medio rural, dos sectores agro-gandeiro e a planificación de usos do monte.

Deixou en evidencia tamén a falta dunha análise rigorosa e profunda dos efectos do cambio climático, sobre todo, do efecto acumulado do cambio climático sobre a situación xa degradada dunha importante parte do noso rural por causa de lumes anteriores e da aceleración do despoboamento provocado polas políticas do Partido Popular xa mencionadas.

E deixaron tamén en evidencia a falta de políticas de prevención contra os lumes, con persoal fixo discontinuo que non traballa os 12 meses do ano, a improvisación e as eivas de coordinación do dispositivo, o perigo de destinar a este

Asinado o día 23/10/2025 ás
17:58
Por Ramón Fernández Alfonzo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

servizo a persoas non profesionais, o pésimo resultado da redistribución territorial das brigadas, ou de retirar persoal das casetas de detección para substituílo por cámaras.

As duras condicións de traballo do persoal do dispositivo na Galiza e, sobre todo, o elevadísimo número de saídas a incendios forestais, sen comparación co de ningún outro territorio do estado español, fan que a Xunta deba prestar especial atención á protección da saúde do persoal que presta este servizo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cales son as principais patoloxías que sofre o persoal adscrito ao SPIF?
2. Cales son as medidas previstas pola Xunta de Galiza para evitar enfermidades profesionais no persoal do SPIF?
3. Que tipo de estudos, seguimento ou protocolos aplica á vixianza da saúde do persoal do SPIF?
4. Que formación ofrece a Xunta de Galiza ao persoal do SPIF antes de participar nas labores de extinción?
5. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza desde a perspectiva da Prevención de riscos laborais a participación de brigadas ou persoas non profesionais na extinción de lumes?
6. Realizou a Xunta de Galiza as sobrecoirazacións necesarias para facer efectiva a aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación?
7. Atendeu a Xunta de Galiza as recomendacións sobre EPIs do Comité de seguridade e saúde?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Como explica a Xunta de Galiza o incumprimento do compromiso de estender as condicións laborais do persoal funcionario a todo o persoal do SPIF?

9. Que opina a Xunta de Galiza do cambio no perfil de persoas residentes nos centros de maiores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/10/2025 17:58:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 18:00:49
Nº Rexistro: 37563
Data envío: 23/10/2025 18:00:49.582

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 18:00:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 18:00:49
Nº Rexistro: 37563
Data envío: 23/10/2025 18:00:49.582

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23280**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, sobre **"o investimento total de Augas de Galicia no concello de Crecente entre 2009 e 2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O primeiro de todo é aclararlles o concepto do canon da auga: non é unha taxa que grave os servizos, porque os servizos da auga son competencias municipais e os concellos cobran aos seus veciños por eles. Deberían moitos deles explicar en detalle a que dedican todos os millóns e millóns que recadan polo abastecemento e o saneamento.

Vai sendo hora de aclarar que o canon da auga é unha taxa prevista en toda a lexislación sectorial sobre a auga, en Galicia, en Cataluña e en Italia, polo impacto no medio do consumo da auga. E en Galicia, ademais, a tarifa é das máis baixas do Estado. E grazas a esa taxa, Augas de Galicia pode exercer as súas propias competencias e, ademais, axudarlle aos concellos nas súas.

Polo tanto, o canon non serve só para o co financiamento de obras, tamén para costear o mantemento fluvial, o programa de control de vertidos, as asistencias aos concellos en materia de saneamento e o resto de servizos que se prestan ao dominio público.

Así, Augas de Galicia ten previsto recadar este ano por canon da auga 60,9 M€, o que permite axudar aos concellos a exercer as súas propias competencias de abastecemento, saneamento e depuración. Así este ano estanse a dedicar : 144 M€. Fagan a conta.

En canto ao investimento de cada concello, é preciso tamén aclarar que toda a información ao respecto poden consultala nas resolucións das liñas de axudas de Augas de Galicia que se publican no DOG, ao que hai que engadir todo o investimento en obras, que se pode consultar no perfil de contratación da Administración Pública.

Ademais, non hai que esquecer todo o investimento que desenvolve Augas de Galicia para cofinanciar obras municipais en apoio sempre á mellora dos servizos locais para que sexan máis eficientes e eficaces. Este cofinanciamento faise tamén sempre público a través dos convenios de colaboración que se asinan con cada concello en cuestión".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37131
Data envío: 16/10/2025 19:19:56,734

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 19:19:56

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23281**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, sobre **"o investimento total de Augas de Galicia no concello de Cualedro entre 2009 e 2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O primeiro de todo é aclararlles o concepto do canon da auga: non é unha taxa que grave os servizos, porque os servizos da auga son competencias municipais e os concellos cobran aos seus veciños por eles. Deberían moitos deles explicar en detalle a que dedican todos os millóns e millóns que recadan polo abastecemento e o saneamento.

En canto ao investimento de cada concello, é preciso tamén aclarar que toda a información ao respecto poden consultala nas resolucións das liñas de axudas de Augas de Galicia que se publican no DOG, ao que hai que engadir todo o investimento en obras, que se pode consultar no perfil de contratación da Administración Pública.

Ademais, non hai que esquecer todo o investimento que desenvolve Augas de Galicia para cofinanciar obras municipais en apoio sempre á mellora dos servizos locais para que sexan máis eficientes e eficaces. Este cofinanciamento faise tamén sempre público a través dos convenios de colaboración que se asinan con cada concello en cuestión".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 13:26:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 13:26:32
Nº Rexistro: 37315
Data envío: 20/10/2025 13:26:32.054

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 31805**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"a situación dos cooperativistas do proxecto de Galivivienda en Xuxán, A Coruña, e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para salvagardar os seus dereitos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Secretario Xeral de Vivenda e Urbanismo da Xunta de Galicia deu resposta á pregunta 31803 deste mesmo grupo e contido semellante o pasado 11 de setembro de 2025 na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e servizos, ao seu dispor na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/W1nvvgJsLtUUQ5a4s5NYw5LAREccR3UQsEbGEknOQC8VfsLUg>

Ao respecto, reiterar que a actuación da Xunta de Galicia no caso da cooperativa Galivivienda foi correcta, cumprindo con total dilixencia e transparencia todas as obrigas que lle correspondían neste procedemento.

No ano 2023, a Xunta puxo a disposición da cooperativa solo público en condicións altamente vantaxosas, cun canon simbólico, e concedeu máis de 10 millóns de euros en axudas procedentes dos fondos europeos, asegurando así o marco necesario para desenvolver as 224 vivendas protexidas previstas. Ademais, mantivo sempre unha posición firme en defensa dos cooperativistas, rexeitando as condicións de financiamento impostas polo ICO que desvirtuaban o carácter social do proxecto e facían inviable o acceso ás vivendas.

Cómpre destacar tamén a implicación constante da Xunta, que exerceu unha mediación activa ante o Ministerio de Vivenda e o propio ICO, esixindo solucións e reclamando certezas sobre a prórroga dos fondos europeos vencellados a estas promocións, certezas, por certo, que non acaban de chegar, para que a obra poida estar finalizada no horizonte de xuño 2026 vencellado a eses fondos europeos.

A Xunta, xa o ten afirmado en múltiples ocasións, non vai permitir que se desvirtúen os alugueiros accesibles e taxados por normativa autonómica. De non ser así, o Goberno galego non tería problema en recuperar o solo público. Ademais, cómpre lembrar que, aínda que non vai ser este Goberno autonómico quen defenda á xestora destas promocións, ningunha administración pode entrar nas relacións entre xestora e cooperativistas. As diferencias que poidan xurdir, teñen que dirimirse nos seus órganos de goberno.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En resumo. Fronte á inacción doutras administracións, a Xunta demostrou un compromiso exemplar cos cooperativistas, procurando garantir que as condicións económicas sexan asumibles e asegurando, en todo momento, que o obxectivo último –ofrecer vivenda protexida e accesible– non se vexa comprometido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 9:29:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37407
Data envío: 21/10/2025 09:29:47,141

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 32392**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as decisións tomadas pola Xunta de Galicia respecto do proxecto de adjudicación de parcelas de Xuxán, o papel da xestora, o uso de fondos públicos e a protección das persoas cooperativistas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas deu resposta no pasado Pleno do Parlamento de Galicia do 24 de setembro de 2025 á pregunta oral 32391 deste mesmo grupo e contido semellante, ao seu dispor na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/N78FzxgozEo3OLVghZJAADX6mcHkXkCUYIQtPgwpagvhgpr>

Ao respecto, indicar que a Xunta de Galicia desenvolveu unha xestión axeitada no referente á cooperativa Galivivienda, cumprindo con rigor e claridade todas as responsabilidades que lle correspondían.

Xa no ano 2023 puxo á disposición da cooperativa parcelas de solo público en réxime de dereito de superficie con condicións moi favorables, practicamente simbólicas, e aprobou máis de 10 millóns de euros en axudas procedentes dos fondos europeos. Con isto, quedaba garantido o marco necesario para avanzar na promoción das 224 vivendas protexidas.

Ademais, a Xunta mantivo sempre unha postura firme en defensa dos intereses dos socios cooperativistas, opoñéndose ás condicións de financiamento propostas polo ICO, que impedían o acceso de moitas familias e desnaturalizaban o carácter social da iniciativa. Soamente grazas á mediación do Goberno autonómico conseguíuse que o ICO voltase ás condicións iniciais de financiamento.

Cómpre salientar, por todo, a actuación proactiva da Xunta, promovendo reunións e xestións continuas co Ministerio de Vivenda e co propio ICO, esixindo solucións e reclamando seguridade sobre a prórroga dos fondos europeos vencellados con estas promocións, agora necesaria, para garantir que esta obra se leve a bo término.

Fronte á pasividade doutras administracións, a Xunta amosou o seu compromiso cos cooperativistas, velando para que as condicións económicas resultasen asumibles e preservando en todo momento o carácter social e protexido do proxecto.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Xunta, xa o ten afirmado en múltiples ocasións, non vai permitir que se desvirtúen os alugueiros accesibles e taxados por normativa autonómica. De non ser así, o Goberno galego non tería problema en recuperar o solo público. Ademais, cómpre lembrar que, aínda que non vai ser este Goberno autonómico quen defenda á xestora destas promocións, ningunha administración pode entrar nas relacións entre xestora e cooperativistas. As diferencias que poidan xurdir, teñen que dirimirse nos seus órganos de goberno”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 9:29:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37406
Data envío: 21/10/2025 09:29:41.566

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33520**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"a postura da Xunta de Galicia en relación coas accións militares de Israel en Gaza"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego xa transmitiu reiteradamente o rexeitamento ao conflito e condenou a traxedia que se vive na Faixa. O Goberno galego avoga por unha solución urxente e negociada a este drama, pola apertura dos corredores humanitarios, polo cese das actividades militares contra a poboación civil; pola liberación dos reféns israelís e dos presos palestinos; por evitar unha escalada rexional do conflito; por unha solución permanente, que pasa pola constitución dun estado palestino con fronteiras seguras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 9:29:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37405
Data envío: 21/10/2025 09:29:34.982

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 34005**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia relacionadas coa renovación do convenio para o mantemento da quenda de garda psicolóxica especializada e permanente destinada á atención urxente ás vítimas de violencia de xénero"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O primeiro que temos que dicir é que o servizo de quenda de garda psicolóxica especializada segue funcionando como sempre o fixo, e baixo ningún concepto foi suprimido, de feito volveuse a conveniar este servizo para o ano 2026.

No que se refire á rebaixa orzamentaria, esta débese a que a cantidade asignada en anos anteriores quedaba sen executar, sen que esta falta de execución poda ser imputable á Xunta de Galicia.

Hai que ter en conta que este servizo ponse en marcha polas forzas e corpos de seguridade do Estado e está deseñado para a atención psicolóxica das vítimas de violencia de xénero, fundamentalmente, no momento en que se presenta a denuncia. Polo tanto son elas as encargadas de poñer en marcha a queda de garda no momento en que esta sexa necesaria.

Dende a Xunta de Galicia, mantivemos conversas cos responsables de activar este servizo co obxecto de dinamizalo, sen embargo, a Xunta carece de competencias sobre os membros das forzas e corpos de seguridade do Estado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 14:26:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37472
Data envío: 22/10/2025 14:26:30.888

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 34274**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Óscar Insua Lema, sobre **"as expectativas do Goberno galego respecto do impulso e da tramitación dunha nova lei de Administración local e as súas previsións en materia de financiamento dos concellos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Un dos retos do Goberno galego é o impulso dunha nova Lei de Administración Local de Galicia, que suporá unha reforma integral logo de case 30 anos de vixencia da anterior e que estará adaptada á realidade do mundo local galego.

Para a elaboración do texto do borrador da nova Lei de Administración Local de Galicia iniciouse, por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, un proceso participativo que permitiu tomar en consideración a opinión de expertos e profesionais de distintos sectores do mundo local.

Así, no marco do convenio de colaboración entre a e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Universidade de Vigo, foi iniciado o proceso de revisión, mellora e actualización do marco lexislativo en materia de administración local de Galicia. Paralelamente, ademais, impulsáronse outros procedementos participativos cuxas conclusións, informes e estudos tamén son tidos en conta no borrador da nova Lei, que en vindeiras datas será sometido aos distintos trámites de información pública, audiencia e participación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 9:28:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37404
Data envío: 21/10/2025 09:28:00,961

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 34396**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en práctica, no seu marco competencial, de medidas de loita contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia aprobou en agosto do 2022 o I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, un plan pioneiro a nivel autonómico enfocado a articular diferentes políticas que desen unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual, así como contribuír á súa erradicación.

Este Plan Galego baséase na implementación coordinada de 5 áreas estratéxicas, estruturadas en 11 obxectivos operativos e 59 medidas concretas para un período temporal de 3 anos, e no que se cumpriron o 75% das medidas do referido plan.

En estes momentos estase a confeccionar o segundo plan de trata 2025-2027, que estará dividido en 5 áreas estratéxicas e 12 obxectivos operativos, e fará fincapé, entre outros obxectivos, na sensibilización da sociedade, deseño e implementación de medidas para desincentivar a demanda, a formación dos profesionais, reforzo dos servizos de asistencia integral, implementación de mecanismos de identificación de vítimas, reforzo da cooperación administrativa así como internacional".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37471
Data envío: 22/10/2025 14:26:24.836

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 14:26:24

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 34474**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"a previsión do Goberno galego de asumir as competencias ferroviarias e se asignará recursos para garantir a execución do proxecto segundo as necesidades locais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego non ten competencias en materia ferroviaria, pero sempre apoiou a creación dunha rede de trens de proximidade como a que opera noutras comunidades, salientando que o estudo anunciado polo Goberno central debe ter en conta as necesidades de interconexión de toda a comunidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 9:27:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37403
Data envío: 21/10/2025 09:27:54.488

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 34630**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"os fallos nas pulseiras telemáticas de control para vítimas de violencia machista, a esixencia de responsabilidades, e melloras e reforzos nos recursos públicos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O dispositivo de control telemático é un sistema electrónico que ten por obxecto garantir o cumprimento das ordes de afastamento que imponen os membros do poder xudicial.

A Xunta de Galicia, - tendo en conta as informacións remitidas polo Consello Xeral do Poder Xudicial, así como algúns colexios de avogados/as, e incluso polas forzas e corpos de seguridade do Estado-, considerou prudente convocar ao Observatorio de Violencia de Xénero, co fin de participarlle a problemática sobre o mal funcionamento dos dispositivos mencionados.

Como consecuencia desa reunión, o pleno do Observatorio acordou, por maioría dos seus integrantes, instar o Ministerio de Igualdade a que:

- Informe sobre o número de mulleres da comunidade autónoma de Galicia que se viron desprotexidas mentres tivo lugar a sentenza no sistema Cometa, cantas delas portaban dispositivos telemáticos de control durante os últimos doce meses, así como as incidencias ocorridas nos estes dispositivos e as medidas adoptadas para emendar estas deficiencias e garantir a seguridade das vítimas.
- Garanta que esta sentenza xa foi solucionado e que o sistema actual non supón un risco para seguridade das mulleres.
- Reclame a dotación económica, técnica e humana suficiente para garantir a plena implantación, mantemento e correcto funcionamento do sistema de pulseiras Cometa no conxunto de España".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 14:26:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37470
Data envío: 22/10/2025 14:26:17,748

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35711**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de atender as demandas das veciñanza da parroquia de Dorneá, no concello de Boimorto, no que respecta á seguridade viaria da estrada AC-840"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada AC-840 atravesa Boimorto por case 10 km nos que transcurren a diario unha media de 4.100 vehículos.

Para este vial levamos a cabo, dende o pq 17+500 ao 58+840, unha importante actuación no 2021 mediante a reparación, habilitación e reforzo do firme naqueles treitos onde foi necesario, xunto coa AC-523.

Actuouse en A Laracha, Cerceda, Oza-Cesuras, Curtis, Boimorto, Melide, Santiso, Vilasantar e Sobrado. No concello de Boimorto o investimento foi de 294.693,55 €, a prezos de licitación, dun total de máis de 3 millóns.

Tamén, no ano 2020 se fixeron outras actuacións de reforzo de firme localizado entre os PP.QQ. 0 e 5+500, e 14+800 a 35+400 mediante reparacións puntuais.

Ademais no 2018 atendemos unha solicitude do Concello de Boimorto para unha mellora dunha intersección existente na citada parroquia de Dorneá, en A Algaria. Par isto fíxose un retranqueo do noiro existente e a execución dun murete de contención para incrementar a visibilidade dispoñible.

Xa no 2024 encomendamos a TRAGSA varias actuacións de mellora da seguridade viaria en varios puntos polos que transcurre o ámbito dos Camiños de Santiago.

Só nesta estrada no Concello de Boimorto actuamos entre o P.Q. 33+000 e o 33+370 da AC-840 (O Mesón), preto dun cruzamento, onde había mala visibilidade e a zona de tránsito peonil era inadecuada.

Executamos unha senda de solacemento por ambas marxes da estrada. Ademais, na marxe esquerda da estrada dispúxose, baixo a senda, unha tubaxe de pluviais. O orzamento estimado para esta actuación ascendeu a 44.011,91€.

Isto non se queda ahí, senón que nos próximos meses definiremos novas actuacións de mellora da seguridade viaria na contorna de treitos de alto potencial de mellora nas estradas de varios Concellos da provincia de A Coruña, entre eles Boimorto e a citada AC-840.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Consideraranse medidas de acondicionamento de marxes, de mellora da sinalización, balizamento e defensas, de mellora dos accesos e interseccións ou de mellora dos pasos de peóns”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 13:26:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 13:26:26
Nº Rexistro: 37314
Data envío: 20/10/2025 13:26:26.270

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35916**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da sinistralidade laboral en Galicia, as medidas e plans de prevención previstos, os recursos do ISSGA e a atención aos riscos climáticos e psicosociais no traballo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A sinistralidade laboral, en relación aos accidentes de traballo e ás enfermidades profesionais, son unha especial preocupación da Xunta de Galicia, polo que se dota ao tecido produtivo galego de instrumentos de acción política no marco do diálogo social e para dar resposta eminentemente técnica e no ámbito preventivo.

En relación aos datos contidos na pregunta, cómpre destacar que, das 31 persoas traballadoras que sufriron un accidente de traballo mortal, 17 foron accidentes de tráfico durante o desprazamento ao ir ou volver do traballo ao domicilio e, 28, ocorreron durante a xornada laboral, dos cales, 13 foron accidentes non traumáticos, 2 de tráfico e, os 13 restantes, foron o que coñecemos como accidentes non traumáticos que, sen dúbida, teñen que ver máis co desempeño do posto de traballo e a non adecuada xestión preventiva.

Galicia ten unhas actividades económicas de alto risco e de elevada sinistralidade como poden ser o sector forestal ou a pesca, ao que hai que engadir, sen ser específica de Galicia, a construción. En todas estas actividades é posible mellorar a xestión preventiva e, como consecuencia, reducir os accidentes de traballo.

Desde o Goberno galego, especialmente a través do Issga, estanse facendo campañas específicas para o risco de caída en altura na construción, incluído o persoal por conta propia. Estase traballando de maneira integral nas actividades de pesca e afíns e apóstase decididamente por un cambio de forma de xestionar a prevención no sector forestal, impulsando a creación de servizos de prevención mancomunados.

Destacar que tamén teñen unha tendencia crecente e singular os accidentes que teñen a súa causa principal os infartos, derrames e outras patoloxías non traumáticas, motivo polo que se están a desenvolver diversas accións no eido dos riscos psicosociais e da promoción da saúde no traballo, tendo en conta o concepto de saúde integral.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra banda, as tendencias que se observan a nivel nacional son bastante similares ás de Galicia. A Administración ten que poñer en marcha todos os seus instrumentos, neste caso, a ITSS e o Isga, para impulsar unha verdadeira cultura preventiva a través dun asesoramento técnico especializado e de actuacións de vixilancia e control que deriven na mellora das condicións de seguridade e saúde.

En Galicia, existe unha política en materia de seguridade e saúde no traballo coa participación dos axentes sociais e na que se trata de dar resposta con criterios técnicos á sinistralidade laboral, con programas e campañas para sectores de elevada sinistralidade, como poden ser o forestal, a pesca e a construción, con actuacións planificadas para colectivos con especiais dificultades. Dita política desenvólvese a través de dous instrumentos de planificación, sendo o Isga o principal executor dos mesmos.

O primeiro instrumento é a Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, documento que foi aprobado no 2023 e que contou co traballo compartido na súa elaboración e o consenso unánime das organizacións sindicais e empresariais galega.

O segundo son os sucesivos plans de actuación anuais do Isga cos que o instituto desenvolve as súas funcións e executa as estratexias galega e a nivel nacional. Esta plan deséñase e incorpora as achegas dos interlocutores sociais para buscar o máximo consenso posible nunha área de tanta sensibilidade e que precisa dun coñecemento e rigor científico.

Ademais, pódese indicar que xa existen plans e programas de choque para a redución da sinistralidade laboral e mellora da xestión preventiva adaptados a aqueles sectores ou actividades de maior risco ou maior sinistralidade que se indican a continuación:

- Alerta paneis solares en cuberta.
- Prevención de riscos na montaxe e desmontaxe de escenarios.
- Prevención de riscos nas escadas.
- Riscos en carpintarías de madeira.
- Prevención de riscos nas amoladoras.
- Planificación dos traballos de aproveitamento forestal e identificación de zonas perigosas.
- Alerta Isga_Recomendacións preventivas de actuación nos traballos de tala e roza no monte.
- Uso correcto dos equipos de protección individual (EPI) no ámbito forestal.
- Prevención de riscos no manexo do tracto en colaboración coa DGT.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O maior valor do Issga reside no coñecemento e actuación do seu persoal técnico especializado nas distintas disciplinas preventivas. Por iso, débese mencionar que no ano 2023 finalizaron os procesos selectivos das distintas escalas de seguridade e saúde no traballo que deron como resultado a ocupación como persoal funcionario de carreira da totalidade das prazas técnicas nas cinco sedes do Instituto, resultando ocupadas 22 prazas máis respecto ao proceso anterior ao selectivo. Polo tanto, fíxose e acadouse un gran logro en canto ao incremento do persoal técnico e, sen dúbida, haberá que facer un esforzo para que a dotación de medios necesarios para o seu traballo sexa adecuado e suficiente.

A transición ecolóxica e climática traen consigo riscos novos ou emerxentes que afectan á seguridade e saúde das persoas traballadoras e que precisan unha adecuada xestión por parte das empresas. Por unha banda, a maior concienciación polo coidado do medioambiente supón a evolución cara a unha economía sustentable e un maior fomento de enerxías renovables e empregos verdes e, por outra banda, a clara evidencia dos efectos do cambio climático, trae consigo un aumento xeral das temperaturas e fenómenos cada vez máis extremos que se van producir tamén con maior frecuencia.

A continuación, detállanse as actividades que se están a realizar neste ámbito:

- Campaña sobre fenómenos meteorolóxicos adversos na que se achegan recomendacións e pautas de actuación.
- Campaña sobre traballo e calor para dar a coñecer os riscos e as medidas preventivas fronte ás elevadas temperaturas.
- Participación no Plan de Actuacións da Xunta de Galicia fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde.
- Actuacións comprobatorias por parte do persoal técnico habilitado do Issga en traballo á intemperie durante os meses do verán sobre exposición a altas temperaturas e exposición a radiación solar.
- Participación no grupo de traballo técnico a nivel nacional sobre transicións dixital, ecolóxica e demográfica.

Respecto ás actuacións en novos escenarios no plan de actuación 2025 do Issga, recóllense accións ante os riscos emerxentes derivados da evolución demográfica, tecnolóxica e as novas formas de organización do traballo, con especial foco nos riscos psicosociais, así coma os derivados do envellecemento da poboación traballadora, a dixitalización e o teletraballo.

Mención especial merece o Laboratorio de riscos psicosociais creado no 2024, en colaboración co Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da USC e que se configura coma un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á PRL na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Resaltar tamén o traballo de investigación e análise para a prevención dos accidentes non traumáticos durante a xornada laboral, coma infartos e sinistros cardiovasculares que, en moitos casos, son graves e mortais, dirixido a sentar evidencia sobre as causas e na procura de apoios para implantar proxectos de promoción da saúde nos centros de traballo, para que as empresas poidan desenvolver programas de boas prácticas e incluso certificarse como empresa saudable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37402
Data envío: 21/10/2025 09:27:47,483

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 9:27:47

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 36142**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a creación dun programa sanitario e de apoio psicolóxico para o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, a incorporación de protocolos de prevención fronte ao calor extremo e fenómenos climáticos, e o equipamento ergonómico das brigadas terrestres para garantir a súa seguridade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como recolle a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e o Real decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, son obriga do empresario, respecto ao seu persoal traballador, e das administracións, respecto do seu persoal, as seguintes cuestións:

- Realizar unha vixilancia da saúde específica en función dos riscos inherentes ao posto de traballo e sometida a protocolos específicos elaborados polo Ministerio de Sanidade e as comunidades autónomas, oídas as sociedades científicas competentes, e de acordo co establecido na Lei Xeral de Sanidade en materia de participación dos axentes sociais.

- Implantar un plan de prevención de riscos laborais que ten como instrumentos esenciais a avaliación de riscos laborais e a planificación preventiva para eliminar ou reducir os riscos detectados.

- Adoptar as medidas necesarias co fin de que os equipos de traballo sexan adecuados para o traballo que deba realizarse e convenientemente adaptados para tal efecto, de forma que garantan a seguridade e a saúde dos traballadores ao empregalos.

No caso do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, é a Consellería do Medio Rural a que debe, a través do seu servizo de prevención de riscos laborais, desenvolver os programas e protocolos nomeados e dotar dos equipos necesarios e adecuados ao seu persoal.

Por último, indicar que o proxecto de Real decreto, polo que se desenvolve a disposición final primeira da Lei 5/2024, do 8 de novembro, básica de bombeiros forestais, en materia de prevención de riscos laborais contempla:

- No seu artigo 9 Vixilancia da saúde: un exame de saúde específico de acordo cun protocolo específico de vixilancia da saúde para os bombeiros forestais adscritos aos operativos de extinción de incendios forestais, que elaborará o Ministerio de Sanidade, coa participación do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- No seu artigo 3 Avaliación de riscos: recolle, entre os riscos a ter en conta na avaliación, o risco de estrés térmico debido á exposición a temperaturas extremas e, en particular, o risco de golpes de calor e os riscos psicosociais, en particular, os que poidan verse agravados polas actividades de extinción.

- No seu artigo 4 Medidas preventivas a súa planificación: definir procedementos de traballo seguros adecuados, específicos e documentados, para cada unha das actividades que comporten riscos. Estes procedementos deberán indicar, entre outros aspectos, os medios de protección que se deban empregar e as instrucións para o seu uso e verificación do seu bo estado e o sistema de pausas e substitucións que permita a recuperación e a hidratación dos bombeiros forestais.

Este proxecto de Real decreto está, na actualidade, en fase de audiencia e información pública, e deberá ser tratado no seo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo antes da súa aprobación definitiva.

En base ao exposto, cómpre sinalar que é a Consellería do Medio Rural, co asesoramento do seu servizo de prevención, a quen lle corresponde esta responsabilidade e que, desde o Issga, non se recibiu ningunha petición de asesoramento a este respecto.

Entendemos que ditos programas e protocolos veñen contemplados na normativa en trámite e que se desenvolverán unha vez aprobada a norma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 13:26:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 13:26:20
Nº Rexistro: 37313
Data envío: 20/10/2025 13:26:20.059

CSV: BOPGDSPG-aDJEFM7UI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

